



ESPECIAL


TEXTOS CONGRESUAIS



FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano XLVIII - Nº 336 - Outono 2021

X CONGRESO - SINDICATO LABREGO GALEGO



MÁIS LABREGAS
MELLORES ALIMENTOS

A VIDA DAS PERSOAS E
DO PLANETA NO CENTRO



séguenos en

www.sindicatolabrego.com

e tamén en

[facebook](#)

[twitter](#)

REGULAMENTO DO X CONGRESO DO SINDICATO LABREGO GALEGO

Artigo 1. O presente regulamento establece as normas de funcionamento polas que se rexe o X Congreso do Sindicato Labrego Galego – Comisións Labregas (SLG – CC.LL.), que se celebrará o 12 de decembro de 2021 en Vilalba.

Artigo 2. Poderán participar no proceso congresual, con voz e voto, todas as persoas afiliadas ao SLG antes do 15 de outubro de 2021, que teñan as súas cotizacións ao día.

Aquelas persoas afiliadas que queiran asistir ao Pleno do congreso con base no disposto no parágrafo anterior, deberán comunicar na Asemblea Comarcal e á DN a súa asistencia. A comunicación á DN terá coma data límite o 18 de novembro de 2021. Se a esa non estivese asegurado o aforo máximo de persoas delegadas para as que se habilita o espazo do X Congreso, o prazo ampliarase até o 29 de Novembro de 2021.

Artigo 3. APROBACIÓN DOS RELATORIOS POLA DIRECCIÓN NACIONAL.

A Dirección Nacional dará a súa aprobación - ou modificará, segundo os casos - aos borradores dos relatorios na xuntanza de 14 de outubro de 2021. Este estará composto polo relatorio sindical e o relatorio organizativo. Se algunha persoa da Dirección Nacional manifesta a súa desconformidade cos textos aprobados por maioría, pode manter un texto alternativo, que será enviado ás comarcas xunto co relatorio oficial, sempre e cando obteña o 30% dos votos dos/das asistentes á reunión da Dirección Nacional e se presente por escrito.

Na dita xuntanza aprobaranse ademais dos relatorios, o calendario e o lugar e data da celebración do pleno do Congreso

Artigo 4. DEBATE NA AFILIACIÓN.

4.1. Unha vez aprobados os proxectos de relatorios, estes serán remitidos, xunto coas emendas que acadaran o 30% dos apoios na Dirección Nacional, aos/ás coordinadores/as comarcais para a súa distribución entre toda a afiliación.

4.2. Todos os afiliados e afiliadas poderán presentar emendas aos relatorios que se debatan nas asembleas comarcais. As emendas serán presentadas por escrito. Pasarán para o seu debate no plenario do X Congreso Nacional do Sindicato Labrego Galego aquelas emendas que acaden, cando menos, o 30% dos votos dos/das presentes na asemblea comarcal. As emendas que acaden estas porcentaxes nas asembleas comarcais serán remitidas á Secretaría Xeral con data límite do 17 de novembro de 2021, para ser enviadas ás persoas da Dirección Nacional.

4.3. A Dirección Nacional, na súa xuntanza do día 14 de outubro de 2021, aproba o calendario para a celebración das asembleas comarcais para debater os relatorios, elixir o consello comarcal e aos delegados e delegadas da comarca no Congreso Nacional, e nomear os/as representantes da comarca que correspondan para

a Dirección Nacional.

4.4. Previa celebración da asemblea comarcal, o consello comarcal establecerá o número de membros para a súa propia composición que lle corresponde elixir a cada comarca.

Artigo 5. ASEMBLEAS COMARCAIS.

5.1. As asembleas comarcais celebraranse entre o días 15 de outubro e 15 de novembro de 2021 (ambos incluídos), segundo o calendario fixado pola Dirección Nacional na súa xuntanza do 14 de outubro de 2021. Poderán asistir, con voz e con voto, toda a afiliación que cumpra o establecido no Artigo 2º do presente regulamento.

5.2. As comarcas constituídas no SLG son as seguintes: Lugo Centro-A Ulloa, A Fonsagrada, Sarria, Ancares-Courel, A Mariña-Ribadeo, A Mariña-Lourenzá, Meira, Vilalba; Chantada, Lemos, Xallas-Fisterra, Mahía Rías-Compostela, Arzúa-Melide, As Mariñas, Betanzos interior, Ferrolterra, Bergantiños, Ordes, Teixeira, Baixo Miño, O Condado-Paradanta, Tabeirós-Terra de Montes, O Deza, Pontevedra Centro, O Salnés, O Ribeiro-Celanova, Valdeorras, A Limia-Monterrei e Trives.

5.2. bis Poderá entrar coma punto de debate das Asembleas Comarcais a proposta de fusión/división das comarcas constituídas no SLG para os procesos congresuais, incluíndo o actual. As comarcas terán de prazo ate o 17 de novembro para presentar as súas propostas á DN para a súa aprobación.

5.3. Nas asembleas comarcais procederase á elección dos e das membros para o Consello Comarcal, á elección dos delegados e delegadas da comarca para o pleno do Congreso Nacional, e á elección dos e das representantes da comarca para a Dirección Nacional.

5.4. O Consello Comarcal será paritario en canto ao número de homes e mulleres que o compoñen, quedando vacantes os postos que non se cubran en cada xénero. Estes postos poderán ser cubertos logo da celebración do IX Congreso Nacional do SLG. Se non se cobren todas as prazas que corresponden á comarca, as persoas elixidas poden ter un suplente do mesmo xénero, asegurándose en todo caso nun prazo máximo de 3 meses desde a celebración do pleno do Congreso a obtención da paridade de xénero. Estará composto coma máximo por 1 persoa por cada 10 afiliados/as da comarca ou fracción.

5.5. O criterio de asignación de delegados e delegadas da comarca para o Pleno do Congreso Nacional será garantindo a presenza máxima de un 10% de representatividade da comarca sobre o total de delegadas e delegados presentes no congreso, estando limitado este número por mor da capacidade do espazo elixido para o X Congreso. A elección de delegados e delegadas será paritaria, quedando vacantes os postos que non se cubran en cada xénero. Os nomes das delegadas e delegados electas/os nas comarcas, remitiranse á Secretaría Xeral, sendo a data límite o 18 de novembro de 2021.

5.6. O criterio de asignación de representantes para a Dirección Nacional será o seguinte: cada comarca das nomeadas no artigo 5.2 do presente regulamento escollerá 2 representantes e 2 su-

Tódolos contidos deste periódico publicanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual



FOUCE

EDICIÓN

Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servizos Agrarios e Contables SL

CONSELLO EDITORIAL:

Isabel Vilalba e Conchi Mogo.

ENDEREZO

Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela 981 554 147

PECHE DE EDICIÓN

29-11-2021

prensa@sindicatolabrego.gal

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Contactar co ☎ 686 936 429
ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praza Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154

VALDEORRAS ☎ 630 970 131
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Parisien. Calvo Sotelo 180. ☎ 604 027 886
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 698 157 379
BECERREÁ Restaurante Boavista. Eulogio Rosón 23. ☎ 604 027 886
RIBADEO Avda. Leopoldo Calvo Sotelo, nº 1 A, 1º E. ☎ 982 130 615

LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 698 159 667
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Avenida de Lugo 47-49. Edf. Miño, ent E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Rúa 100, baixo 1. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
PONTEAREAS Av. Galicia. Edif. Costa Gallego 16. Entrechán, of. 6 ☎ 986 641 508
O ROSAL Rúa Ramón Franco 8, Escalera E, Porta 5 (O Rosal). ☎ 986 625 394
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 648 263 009

98 plentes, un home e unha muller para os/as titulares e un home e
99 unha muller para os/as suplentes, quedando vacantes os postos
100 que non se cubran segundo este criterio. Estes postos poderán
101 ser cubertos logo da celebración do X Congreso Nacional do SLG.
102 O listado de representantes de cada comarca será remitido á Se-
103 cretaría Xeral ata o día 17 de novembro de 2021.

104 **5.7.** Nas asembleas comarcais poderán facerse as seguintes su-
105 xestións para ser tomadas en consideración pola Dirección Na-
106 cional saínte:

- 107 ■ Suxestións para a configuración da lista das 15 persoas que
- 108 son elixidas no Congreso para a Dirección Nacional.
- 109 ■ Suxestións para a configuración da Executiva Nacional do SLG.
- 110 ■ Suxestións para as secretarías da Executiva Nacional.

111 Estas suxestións serán presentadas á Secretaría Xeral ata o día 18
112 de novembro de 2021.

113 **Artigo 6. DEBATE NA DIRECCIÓN NACIONAL SAÍNTE.**

114 **6.1.** A Dirección Nacional saínte debaterá tódalas emendas pre-
115 sentadas ao regulamento do Congreso e aos relatorios na xun-
116 tanza do 18 de novembro de 2021, coa fin de fixar posturas e
117 ordenar o traballo do Congreso. No debate plenario farase cons-
118 tar se tiveron o respaldo ou non da Dirección Nacional.

119 **6.2.** A Dirección Nacional saínte elaborará a orde do día do ple-
120 nario do X Congreso do SLG.

121 **6.3.** A Dirección Nacional saínte fará proposta ao pleno do X Con-
122 greso para a conformación da mesa presidencial do X Congreso.

123 **6.4.** A Dirección Nacional saínte elaborará unha candidatura con
124 20 persoas, 15 titulares e 5 suplentes, para sometela á aprobación
125 do Congreso Nacional. Esta lista será paritaria con alternancia de
126 xénero posto a posto.

127 **6.5.** As emendas debatidas e ordenadas, a candidatura proposta
128 pola Dirección Nacional saínte e a orde do día do Congreso Nacional
129 serán remitidas o día 19 de novembro de 2021 ás/aos coordinado-
130 res comarcais e estarán a disposición de toda a afiliación nos locais.

131 **Artigo 7. O PLENO DO CONGRESO NACIONAL.**

132 **7.1.** O pleno do IX Congreso Nacional do Sindicato Labrego Galego
133 celebrarase o día 12 de decembro de 2021 en Vilalba, no lugar
134 que determine a Dirección Nacional na súa xuntanza do 18 de no-
135 vembro.

136 **7.2.** Poderán participar no pleno, con voz e voto, as delegadas e
137 delegados electas/os nas comarcas para a representación das
138 mesmas no pleno do X Congreso Nacional do SLG.

139 Así mesmo, poderá asistir, como convidado/a, calquera afiliada
140 ou afiliado que teña as súas cotizacións ao día.

141 **7.3.** O pleno estará presidido por unha mesa presidencial que será
142 elixida a proposta da Dirección Nacional saínte. A mesa presiden-
143 cial estará constituída por un presidente ou presidenta, que diri-
144 xirá os debates; un vicepresidente ou vicepresidenta; un
145 secretario ou secretaria, que levantará acta da xuntanza; e dous
146 ou dúas vocais. A mesa presidencial, por maioría, resolverá as
147 controversias que puideran darse na interpretación do presente
148 regulamento. Cando menos estará composta por 2 mulleres e 2
149 homes.

150 **7.4.** Unha vez elixida a mesa presidencial do Congreso, procede-
151 rase á aprobación da Orde do día da sesión, proposta pola Direc-
152 ción Nacional e ao inicio dos traballos, comezando pola
153 aprobación do regulamento do Congreso.

154 **7.5.** A Dirección Nacional saínte designará ás persoas para facer
155 unha presentación, previa ao comezo do debate das emendas,
156 dos relatorios do IX Congreso Nacional do SLG.

157 **7.6.** Tódalas persoas que defendan emendas, terán unha quenda
158 a favor e tres minutos para defender cada emenda no pleno. A

159 continuación, intervirá unha persoa designada pola Dirección Na-
160 cional para defender o relatorio oficial aprobado pola Dirección
161 Nacional, podendo concederse unha nova quenda de réplica por
162 parte da mesa presidencial para fixar posicións. A mesa presiden-
163 cial do Congreso ten competencia para adaptar os tempos de in-
164 teracción coa fin de axustarse ao horario establecido na Orde
165 do día.

166 **7.7.** As emendas “in voce” só poderán ser aceptadas cando sexan
167 propostas de síntese e así o decida a mesa presidencial por maioría.

168 **7.8.** Unha vez rematado o debate de cada emenda, procederase
169 á súa votación. Para ser aprobada require maioría simple.

170 **7.9.** Cando remate o debate de todas as emendas, procederase á
171 votación por separado do Relatorio sindical e do Relatorio orga-
172 nizativo que, para ser aprobados, requirirán maioría simple.

173 **7.10.** A elección de membros da Dirección Nacional que corres-
174 ponde realizar ao Congreso, farase polo procedemento de listas
175 pechadas, debendo propoñer 15 candidatas ou candidatos titu-
176 lares e 5 suplentes. Esta lista será paritaria con alternancia de xé-
177 nero posto a posto. No caso de que se presente unha soa
178 candidatura, poderá votarse a man alzada, resultando elixida se
179 obtén o respaldo de máis da metade dos votos presentes no Con-
180 greso. Si se presentase máis dunha candidatura, o voto será se-
181 gredo en urna, e o reparto de membros farase de forma
182 proporcional aos votos acadados por cada candidatura.

183 **7.11.** O prazo para a presentación das candidaturas para a Dire-
184 ción Nacional, diante da Secretaría Xeral, remata o 18 de novem-
185 bro de 2021 ás 14 h.

186 **Artigo 8. XUNTANZA DA DIRECCIÓN NACIONAL NO X CONGRESO.**

187 **8.1.** A nova Dirección Nacional -compuesta polas persoas electas
188 nos congresos sectoriais, nas asembleas comarcais e polas que
189 foron elixidas no Congreso- reunirase no horario disposto na Orde
190 do día do X Congreso do Sindicato Labrego Galego.

191 No caso de que algunha Unión Sectorial non teña elixido antes
192 da celebración do Pleno do Congreso, ás novas persoas repre-
193 sentantes, exercerán interinamente a representación do mesmo
194 a responsable e vicerresponsable existentes á data do X Congreso.
195 Estas persoas exercerán a representación do sector nas sucesivas
196 DN ata a celebración do seu congreso sectorial e a elección das
197 novas representantes.

198 **8.2.** A orde do día desta xuntanza da Dirección Nacional será:

- 199 1º Elección da Executiva Nacional do SLG.
- 200 2º Elección das secretarías da Dirección Nacional.

201 **Artigo 9. ASEMBLEAS DE SECTOR.**

202 Para aquelas Unións Sectoriais que non o tiveran feito con ante-
203 rioridade á celebración do pleno do congreso, neste X Congreso
204 adóptase o criterio de debater para fixar as grandes liñas sobre
205 política agraria xeral e abrir un proceso entre o 12/12/2021 e o
206 12/06/2022, para facer o debate sobre as distintas liñas sectoriais,
207 elixindo as/os representantes dos sectores que se incorporan
208 como membros da Dirección Nacional.

209 **Artigo 11. BAIXAS NA DN**

210 Se durante o período entre congresos se producira a baixa na DN
211 dalgunha persoa, o posto vacante poderá ser cuberto en función
212 da vía de elección desa persoa.

213 ■ **Vía asembleas comarcais:** Para cubrir a baixa a Asemblea
214 Comarcal propondrá á persoa que cubra a vacante.

215 ■ **Vía unión sectorial:** A asemblea de sector elixirá á nova per-
216 soa representante do Sector.

217 ■ **Vía secretarías:** As secretarías elixirán á nova persoa repre-
218 sentante.

RELATORIO DO X CONGRESO DO SINDICATO LABREGO GALEGO* MÁIS LABREGAS, MEIORES ALIMENTOS A VIDA DAS PERSOAS E DO PLANETA NO CENTRO

1. SITUACIÓN XERAL

Na actualidade, sobre todo nos estados industrializados, as actividades que se fan sobre o planeta Terra contribúen ao incremento de emisións de gases de efecto invernadoiro, ao quecemento global e ao empeoramento da emerxencia climática, ao que contribúen as políticas actuais de consumo, de fomento da competitividade interna e mundial, e de crecemento económico infinito, non sostible. Este proceso está controlado e incentivado polas elites financeiras do libre cambio, as grandes corporacións empresariais, que polo poder económico acumulado conseguen que os estados, sobre todo os industrializados, pacten políticas sobre o comercio e os recursos mundiais da humanidade, eliminando a posibilidade dun modelo de desenvolvemento endógeno, con accións como suprimir os aranceis, para que entren produtos con dumping (por debaixo dos custos de produción ou baseándose en condicións sociais sen uns estándares mínimos). Isto lévanos, na gran maioría dos casos, a xornadas de traballo inhumanas, a ingresos que non serven para manter uns proxectos de vida dignos das persoas ou das familias, sobre todo agrarias, suprimindo a seguridade xurídica da cidadanía e dos propios estados e outorgándolle esa protección xurídica aos investimentos destes fondos e grandes corporacións. Impóñense estes acordos tamén aos estados mais febles, de forma que as súas mellores terras e recursos destínanse ao agronegocio e á exportación, recibindo a poboación local a cambio miseria e fame, e moitas veces violencia e mesmo morte, nunha loita desigual polos recursos cos poderes económicos e militares.

Dende o anterior congreso do SLG, en 2016, Galiza perdeu 13.134 habitantes. A sangría demográfica segue a ser brutal na nosa comunidade, ao igual que o seu avellentamento. Máis da cuarta parte da poboación galega é maior de 65 anos.

O 70% da poboación vive no 6% do territorio galego, sendo este o correspondente ás grandes vilas do eixo atlántico (Vigo – Pontevedra, A Coruña – Ferrol e Santiago). Namentres estas zonas concentran cada vez máis poboación, as zonas do interior esmorecen. Nos 29.799,56 km² restantes, vive o 30% da poboación. Isto é: dispersión, abandono, especulación, lume... Non só unha perda de territorio senón tamén unha perda social, cultural, ambiental e económica.

Os salarios na Galiza son dos máis baixos do estado español, e perden poder adquisitivo ano tras ano, a pesares da súa suba. Mulleres e persoas mozas son as peor paradas.

A crise enerxética e de materias primas fai que os custes de produción (e de vivir) acaden, día si día tamén, prezos récord. Electricidade, combustibles, pensos, materias primas,... fan que cada vez o rendemento neto sexa menor. Aínda así, os prezos dos alimentos mantéñense con lixeiros incrementos para as persoas consumidoras e sen apenas modificación para as labregas e labregos. Seguimos na obriga de proporcionar alimentos seguros e de calidade a baixo prezo a unha cidadanía cuns salarios baixos

para seguir mantendo o status-quo do capital e manter unha falsa imaxe de crecemento económico continuo.

A crise climática que levamos tempo vivindo e que ano tras ano recrúa, preocupa á sociedade, preocúpanos ás persoas produtoras e, semella que tamén, preocupa ás administracións e ás empresas.

A sociedade demanda de nós como produtoras a conservación do territorio e a redución das externalidades negativas da actividade agrogandeira, das industrias a adopción de medidas que reduzan os seus efectos contaminantes e da administración medidas que impulsen a transición enerxética e a economía verde.

As solucións a este, e a outros problemas da sociedade moderna, móstranse tecnolóxicas e implican un maior custe e maior dependencia de terceiros, a maioría alleos e foráneos. A ciencia e a tecnoloxía como solución indiscutible, como a nova relixión do século 21.

A tecnoloxía non pode ser allea ás persoas, ten que telas en conta e ten que ser simple, axeitada e apropiada para a actividade e o lugar no que se vai implantar.

As produtoras (e a sociedade) vémonos sometidas á tiranía da dixitalización, produtoras de alimentos baratos e agora tamén de datos.

As empresas mais grandes do mundo son empresas que merca dean con datos, cos nosos datos, que obrigadas por unha regulamentación inxusta, lles cedemos gratuitamente para que logo nos vendan solucións altamente tecnolóxicas. Perdemos tamén a soberanía da información.

A situación vivida en 2020 coa crise sanitaria da COVID puxo de manifesto a fragilidade do sistema actual en todos os seus aspectos -sanitario, alimentario, social, económico, ambiental- deixando ver con claridade en mans de que intereses estamos: o neoliberalismo máis cruento e fascista que temos visto en tempos, servindo de escusa perfecta para seguir a asfixiar á clase traballadora en beneficio do gran capital e, de paso, implantar novas medidas que afondan no control social e na represión das liberdades e dereitos mais básicos das persoas.

Neste contexto de crise sempiterna e constante no tempo en todas as facetas da sociedade implantáronse e propuxéronse medidas que van en contra de toda lóxica e dirixidas unicamente a manter un sistema baseado no incremento dos beneficios do capital e dos seus grandes líderes e en contra dos dereitos mais básicos das persoas.

Así, coa escusa da mudanza climática estase a dar un xiro ás políticas disfrazándoas de verde e facéndolas de costas á xente sen ter en conta as implicacións directas para elas e os seus territorios. Mudalo todo sen mudar nada, tratar os síntomas sen ir á natureza real dos problemas, baseando as solucións en máis tecnoloxía cara e xeradora de novas dependencias, deixando de lado o debate sobre o modelo de produción e consumo de alimentos, enerxía, materias primas, xestión do territorio... todos os modelos se atopan ao mesmo nivel e todos se tratan por igual, independentemente de se se trata de modelos baseados na agroecoloxía ou de modelos industriais.

105 Logo do monocultivo forestal (eucalipto e piñeiro), as mineiras e
106 os seus proxectos de extracción de metais temos agora o boom
107 das renovables e os macroproxectos agropecuarios que afondan
108 nos problemas do modelo colonial e de espolio dos nosos recur-
109 sos. Un modelo meramente especulativo que, hoxe en día, visten
110 de verde cun discurso de pretendida sustentabilidade para ga-
111 ñarse un anaco dos fondos de recuperación europeos que, unha
112 vez máis, lles pagaremos entre todas.

113 2. ALTERNATIVAS: SOBERANÍA ALIMENTARIA, DEREITO Á 114 ALIMENTACIÓN E AOS BENS COMÚNS

115 Débense pór no centro de todas as políticas os dereitos colectivos
116 e individuais, que teñen que ser harmoniosos e sostíbles, para
117 que todos os pobos e persoas, teñan acceso a vivir coas necesi-
118 dades cubertas para levar unha vida digna. É imprescindible que
119 se nos recoñeza a todas as persoas, con independencia do lugar
120 no que vivimos, e ás xeracións futuras como dereito esencial o
121 acceso e conservación dos bens do planeta, e non só aos deno-
122 minados investidores ou ás empresas con capacidade de mercar.
123 Para este obxectivo son necesarias políticas públicas potentes, re-
124 cadando máis sobre todo a quen máis ten, e distribuindo para lo-
125 grar que teñamos os mínimos para vivir con dignidade; no centro
126 desa dignidade, a alimentación de calidade, axeitada, accesíbel,
127 nutritiva e culturalmente apropiada.

128 Ninguén (ou case ninguén) dubida de que a sanidade ou o ensino
129 son servizos públicos, pero semella que moita xente non o ten
130 tan claro no caso da agricultura e da alimentación. Non obstante,
131 a agricultura presta o servizo posibelmente máis básico de todos:
132 a alimentación, porque sen alimentarnos non podemos vivir e sen
133 alimentarnos de maneira sa non podemos ter saúde nin calidade
134 de vida.

135 Hai moita xente e moitos organismos a nivel mundial que consi-
136 deran que todas as persoas teñen dereito a unha alimentación
137 sa. Segundo a Vía Campesina, e o Sindicato Labrego Galego como
138 organización que forma parte da mesma, para rematar co pro-
139 blema alimentario no mundo hai que respectar o dereito dos
140 pobos, comunidades e países a definir a súas propias políticas ali-
141 mentarias de maneira que sexan ecolóxica, social, económica e
142 culturalmente apropiadas ás súas circunstancias, reclamando a
143 alimentación como un dereito que debe ser respectado (Vía Cam-
144 pesina, 2017).

145 Por outra banda, máis aló dos distintos enfoques ideolóxicos, se-
146 mella que actualmente a nivel mundial existe consenso en consi-
147 derar que a agricultura con sistemas de produción respectuosos
148 co medio ambiente e fundamentalmente os sistemas agroecoló-
149 xicos e biodiversos, familiares ou de pequena escala, achegan á
150 sociedade servizos fundamentais, ademais de produtos básicos
151 (especialmente alimentos como se acaba de indicar). Entre estes
152 servizos están servizos ambientais como o de polinización, con-
153 servación da biodiversidade, conservación dos solos, dos recursos
154 hídricos e xenéticos, etcétera. E tamén a xestión do territorio e
155 da paisaxe, a conservación do patrimonio e a cultura, así como
156 algúns outros máis.

157 A agricultura con sistemas de produción respectuosos co medio
158 ambiente, e fundamentalmente os sistemas agroecolóxicos e bio-
159 diversos, familiares ou de pequena escala teñen unha función so-
160 cial indiscutíbel.

161 Dentro deste contexto cada vez collen máis forza a nivel mundial
162 as propostas de camiñar cara á soberanía alimentaria e ao má-
163 ximo autoabastecemento a través do comercio de proximidade,
164 de tal xeito que semella que estes dous obxectivos probabel-
165 mente acabarán converténdose nuns dos máis importantes para
166 a agricultura do noso planeta neste século XXI.

167 Así pois a aposta polo comercio de proximidade e a soberanía ali-
168 mentaria é nitidamente unha aposta para o futuro e, por suposto,
169 tamén para este presente en que a crise do coronavirus deixou
170 en evidencia que non se pode seguir mantendo un sistema onde
171 a alimentación das persoas se confía á agricultura industrial e de-
172 penda do transporte dos alimentos.

173 2.1. Soberanía Alimentaria.

174 Actualmente no mundo, arredor de 1000 millóns de persoas
175 pasan fame . O aumento na produción de alimentos non garante
176 rematar coa fame e a mala nutrición de millóns de persoas. Existe
177 un grave problema de desigualdade na distribución dos alimentos
178 e tamén de falta de accesibilidade aos mesmos, un problema
179 agravado pola substitución de cultivos para alimentar á poboación
180 por monocultivos para exportación. Por iso nace o concepto
181 de soberanía alimentaria formulado por primeira vez pola Vía
182 Campesina na II Conferencia Mundial de Vía Campesina, cele-
183 brada en México en abril de 1996, onde o SLG oficializou a súa
184 entrada como membro da Vía Campesina e participou activa-
185 mente, e lanzado ante a sociedade e ao debate público no Cumio
186 Mundial sobre a Alimentación da FAO en Roma en novembro de
187 1996.

188 A Vía Campesina define a soberanía alimentaria como “o dereito
189 dos pobos, dos seus Países ou Unións de Estados a definir a súa
190 política agraria e alimentaria, sen dumping fronte a países tercei-
191 ros” (Vía Campesina, 2003).

192 En moitas ocasións, a veces de xeito interesado, trátase de pre-
193 sentar a soberanía alimentaria como un sinónimo de autarquía.
194 Pero sen dúbida son conceptos diferentes. A autarquía é un sis-
195 tema económico baseado na idea de que un país debe posuír os
196 recursos necesarios para abastecer as propias necesidades e vivir
197 exclusivamente deles. Pola contra a soberanía alimentaria ten
198 como principal obxectivo satisfacer as necesidades de alimentos
199 da poboación do propio país pero admite a existencia de inter-
200 cambios. De acordo co que indica a Vía Campesina, a soberanía
201 alimentaria non está en contra do intercambio con outros pobos,
202 senón da prioridade que se lle da a eses intercambios. Por iso per-
203 mite garantir a seguridade alimentaria aos pobos, ao mesmo
204 tempo que se establecen criterios de xustiza e solidariedade nos
205 intercambios con outras zonas do mundo, con producións espe-
206 cíficas que contribúen a unha maior diversidade. En consecuen-
207 cia, a proposta de soberanía alimentaria inclúe tamén a dun
208 comercio internacional xusto en base á cooperación, eliminando
209 a competitividade (Vía Campesina , 2003).

210 No foro internacional para a soberanía alimentaria celebrado en
211 Mali, en febreiro do 2007, con movementos de todo o mundo de
212 xente campesiña e pescadora, así como coordinadoras dos mes-
213 mos, organizacións ecoloxistas, feministas, ONGs, comités e cen-
214 tros de estudos, etcétera (unha das participantes foi a ata agora
215 secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba) recolléronse algúns dos
216 principios básicos na "Declaración de Nyéléni". Entre estes, o
217 compromiso de todos estes movementos sociais na loita para que

218 todos os pobos, nacións e estados poidan decidir sobre os seus
219 propios sistemas alimentarios e sobre políticas que lle garantan
220 a todas as persoas alimentos de calidade, axeitados e accesíbeis,
221 nutritivos e culturalmente apropiados (Declaración de Nyéléni ,
222 2007).

223 Outra confusión habitual é equiparar os conceptos de soberanía
224 alimentaria e seguridade alimentaria. A seguridade alimentaria e
225 a soberanía alimentaria son conceptos diferentes tanto na súa
226 orixe como nos seus obxectivos. A seguridade alimentaria fíxase
227 o obxectivo de rematar coa fame e a desnutrición sen mais, sen
228 cuestionar o modelo alimentario global.

229 A soberanía alimentaria considera irrenunciable o dereito dos
230 pobos a dispoñer de seguridade alimentaria, pero tamén o de-
231 dereito a decidir os sistemas agrícolas e alimentarios propios e o
232 xeito de comercializar os alimentos, mentres que a seguridade
233 alimentaria pon sobre a mesa uns obxectivos loábeis sen entrar
234 a valorar ou analizar como conseguilo. A soberanía alimentaria
235 amplía estes obxectivos ao tempo que fai unha proposta de como
236 conseguilos. Puideran ser conceptos complementarios, pero hai
237 que ter precaución para evitar que a seguridade alimentaria se
238 formule coa pretensión de desviar os termos do debate e, en
239 certa maneira, contrapoñela á soberanía alimentaria. Nese sen-
240 tido, aínda que no discurso dominante se considera a seguridade
241 alimentaria como a panacea para acabar coa fame no mundo,
242 para a Vía Campesina é unha idea ligada ao libre mercado de tal
243 maneira que, se as familias non contan con acceso económico aos
244 alimentos, simplemente non comen (Vía Campesina, 2017).

245 Dende o SLG e Vía Campesina, en consenso con outros movemen-
246 tos sociais de todo o mundo e unha ampla parte da humanidade,
247 propoñemos a agroecoloxía, a soberanía alimentaria, e a protec-
248 ción dos bens comúns ou recursos da humanidade, de forma en-
249 dóxena, sostible, dando prioridade a un comercio de proximidade
250 e a unha cooperación internacional xusta e equilibrada nos inter-
251 cambios, sen dumping, que establece ou incluso arrefríe o pla-
252 neta, devolva seguridade xurídica ás persoas e aos pobos, e non
253 ao capital.

254 “Na terra hai suficientes recursos para satisfacer as necesidades
255 da humanidade, pero non tanto como para satisfacer a avaricia
256 duns poucos” (Gandhi).

257 O consumo medio por persoa nunha das cidades consideradas
258 das máis ricas, medido en hectáreas, era de 10 hectáreas persoa
259 e nunha pobre de 0,2 hectáreas. As cidades son New York e Cal-
260 cuta, as dúas entre 15 e 20 millóns de habitantes, as dúas teñen
261 ricos e pobres, pero queda clara a diferenza.

262 No Sindicato Labrego Galego defendemos que a terra cubra as
263 necesidades de todas as persoas, e para iso hai zonas do mundo
264 que temos que decrecer, e eliminar consumos innecesarios e dis-
265 pendios, e repartir para que todas as persoas poidamos cubrir ne-
266 cesidades básicas. Outras, pola contra, terán que crecer pero de
267 forma sostible, e coas regras de cooperación antes citadas, non
268 cometendo as barbaridades do crecemento que se mantiveron
269 ata a actualidade.

270 Estudos feitos pola ONU dinnos que os recursos do planeta para
271 un ano, dos que disporíamos para ser sostibles no futuro, esgo-
272 táronse en 8 meses. Un terzo dos recursos deste ano quitámosllo
273 ao futuro. É como se nunha casa entran no ano 20.000 euros e

274 se gastan 30.000, habería que decrecer un terzo, en vez crecer
275 como se propón actualmente. Hai que decrecer, pero sen que nin-
276 guén quede fóra, sen ter cubertas as súas necesidades básicas.
277 Unha das vías é limitar a acumulación.

278 2.2. Agroecoloxía.

279 De acordo coa Organización de Nacións Unidas para a Alimenta-
280 ción e a Agricultura (FAO), a agroecoloxía é simultaneamente
281 unha disciplina científica, un conxunto de prácticas e un move-
282 mento social. Como ciencia, estuda como interactúan os diferen-
283 tes compoñentes do agroecosistema. Como un conxunto de
284 prácticas, busca sistemas agrícolas sustentábeis que optimizan e
285 estabilizan a produción. Como movemento social, persegue pa-
286 peis multifuncionais para a agricultura, promove a xustiza social,
287 nutre a identidade e a cultura, e reforza a viabilidade económica
288 das zonas rurais. A mesma FAO indica que unha das principais ca-
289 racterísticas da agroecoloxía é que busca solucións locais e vín-
290 culos coa economía e os mercados locais, e proporciona un mellor
291 sustento e unha mellor calidade de vida para os agricultores e
292 agricultoras no campo. Outra vantaxe da agroecoloxía é que
293 tamén ten como obxectivo a produción de alimentos máis nutri-
294 tivos e culturalmente axeitados e produce menos residuos de ali-
295 mentos. Prodúcese unha variedade de alimentos con diferentes
296 nutrientes e isto asegura unha dieta equilibrada. (FAO. Plataforma
297 de coñecementos sobre agricultura familiar, 2020).

298 Para a Vía Campesina a agroecoloxía é un enfoque tecnolóxico
299 subordinado a obxectivos políticos profundos, e polo tanto, a
300 práctica da agroecoloxía necesita ser: colectiva, orgánica, solida-
301 ria, axustada ás condicións materiais e políticas concretas (Vía
302 Campesina. 2018).

303 Ao presentar o seu informe anual diante do Consello de Dereitos
304 Humanos, o daquela relator especial da ONU sobre o dereito á
305 alimentación, Olivier de Schutter, afirmou que os pequenos agri-
306 cultores e agricultoras poderían duplicar a produción de alimen-
307 tos nunha década se utilizaran métodos produtivos ecolóxicos. E
308 ademais concluíu que é fundamental aplicar a agroecoloxía, para
309 poñer fin ás crises alimentarias e axudar a afrontar os retos vin-
310 culados á pobreza e ao cambio climático. Tamén asegurou que a
311 evidencia científica amosa que a agroecoloxía supera ao uso dos
312 fertilizantes químicos no incremento da produción de alimentos,
313 sobre todo nas zonas desfavorábeis onde vive a xente máis pobre.
314 É de destacar que un enfoque agroecolóxico confírelle ás comu-
315 nidades unha maior resiliencia fronte a crises de todo tipo, xa que
316 a práctica agroecolóxica é por definición moito menos depen-
317 dente de insumos externos afastados, ao utilizar recursos, técni-
318 cas culturais, sementes e variedades locais adaptadas ao territorio
319 e manexar unha maior biodiversidade.

320 2.3. Sostibilidade das persoas labregas e dos seus proxectos.

321 O SLG á parte de propoñer, reivindicar e esixir outras políticas
322 agrarias e de prezos que xeren unha renda adecuada para as la-
323 bregas, participa en alianzas e plataformas para que toda a po-
324 boación en xeral dispoña dunha renda básica, e, a parte de cubrir
325 outras necesidades, especialmente para mercar alimentación
326 agroecolóxica, ser solidarios co fin de recuperar os dereitos de
327 toda a poboación e facer viables os nosos proxectos.

328 O SLG esixe, que os gobernos e demais institucións, deixen de
329 ditar políticas para manter prezos baixos que non remuneren dig-

330 namente o traballo labrego, ou mesmo promover prácticas abu-
 331 sivas para compensar a inflación xerada por outras subministra-
 332 cións, con prezos especulativos, como por exemplo neste
 333 momento o prezo da enerxía, que tanto afecta tamén a viabili-
 334 dade dos nosos proxectos, ou a PAC; que está deseñada para
 335 abastecer de grandes cantidades de materias primas a industria
 336 a baixo prezo. Son necesarias outras políticas agrarias que non
 337 desvaloricen o traballo labrego, e acabar coa lóxica de "tanto tes,
 338 tanto vales". É imprescindible un apoio directo e significativo ás
 339 persoas que se dedican a facer viable directamente un dos traba-
 340 llos mais dignos do mundo, que son as producións agroecolóxicas
 341 para a alimentación de todas.

342 O SLG esixe recursos para investigación, formación, asesoramento
 343 comarcal, desenvolvemento de recursos, tecnoloxía sostible, ...
 344 para a viabilidade dos proxectos agroecolóxicos.

345 Para o fomento da agroecoloxía e da soberanía alimentaria, esi-
 346 ximos que as institucións, adecúen ou doten de espazos dignos,
 347 para a relación directa entre labregas e consumidoras, en todas
 348 as vilas, e distritos das cidades, para que coa periodicidade ade-
 349 cuada, dende o local ou próximo se faga realidade a máxima "da
 350 granxa á mesa".

351 Compra pública de alimentos, para a boa educación e a saúde. O
 352 SLG esixe que en todos os comedores escolares, hospitais, aten-
 353 ción á dependencia, etcétera; sexan servizos públicos, concerta-
 354 dos, ou se financien totalmente ou en parte con diñeiro público,
 355 se cociñe con alimentos agroecolóxicos e de proximidade. No caso
 356 dos colexios, esta alimentación fresca e nutritiva é moito máis im-
 357 portante, porque a estrutura corporal está en formación e pód-
 358 dense evitar enfermidades futuras graves.

359 A práctica habitual en moitos comedores públicos na actualidade,
 360 nos que se consumen alimentos subministrados por empresas es-
 361 peculadoras, de grandes distancias quilométricas, producidos in-
 362 tensivamente, precociñados, e polo tanto superxeradores de
 363 emisións, contribúe a unha educación alimentaria anti-saudable,
 364 insostíbel, allea á cultura alimentaria propia e á posibilidade de
 365 xerar riqueza na contorna. Debería pórse atención á posibilidade
 366 de que haxa intereses e mesmo casos de corrupción detrás de de-
 367 cisións tan pouco xustificadas.

368 Na compra pública de alimentos, se a administración estuda os cus-
 369 tos medios da produción agroecolóxica, con xornada humana de tra-
 370 ballo, podería xerarse un consenso para determinar prezos de venda
 371 que xeren renda digna sen especular con labregas e consumidoras.

372 Cando subministramos a nosa produción para empresas de trans-
 373 formación ou de intermediación, a Lei da Cadea Alimentaria ten
 374 que recoller -á parte de impedir que se paguen prezos que non
 375 cubran custos incluíndo o traballo, con renda digna- calquera
 376 outro tipo de práctica abusivas, como a destrución da cadea de
 377 valor, a banalización dos alimentos por parte da industria ou da
 378 distribución... A Administración debe promover estudos de custos
 379 de produción con carácter inmediato que sirvan de referencia
 380 obrigatoria para evitar a indefensión das persoas produtoras
 381 diante dos baixos prezos, así como mecanismos áxiles para garan-
 382 tir os dereitos das persoas produtoras. A propia AICA, ou orga-
 383 nismo similar ten que dispoñer de sede en Galiza, e ter entre as
 384 súas funcións a de arbitrar, cando non se cumpra lei -en canto a
 385 prezos, data de pago ou outros incumprimentos- executando en
 386 primeiro lugar a execución do pago, á marxe de que poida haber

387 expediente de multa.

388 É unha esixencia urxente a eliminación de toda a burocracia in-
 389 necesaria para unha produción segura e agroecolóxica, o mesmo
 390 para a transformación da propia produción, así como a elimina-
 391 ción de responsabilidade das labregas por insumos, que nos sub-
 392 ministran empresas legalizadas para tal produción e venda,
 393 responsabilidades que deberán recaer sobre estes operadores.

394 O SLG esixe políticas sostibles de acceso a terra, sementes locais,
 395 razas autóctonas, e demais recursos necesarios para facer viables
 396 os proxectos labregos, en xeral, e especialmente os de incorpo-
 397 ración de persoas mozas.

398 É preciso determinar novos parámetros para valorar a viabilidade
 399 dos nosos proxectos, dimensións mínimas ou máximas, diversi-
 400 dade de producións, se transformamos ou non, onde e como ven-
 401 demos, quen imos traballar, para equilibrar unhas xornadas de
 402 traballo humanas e rendas dignas. A renda deba ser equipara-
 403 ble como mínimo a renda media publicada dos salarios.

404 3. MODELO AGROINDUSTRIAL QUE EXPULSA A XENTE 405 LABREGA. QUE MODELO QUEREMOS?

406 Dende a segunda metade do século XX, a progresiva industriali-
 407 zación do agro en moitas rexións europeas e tamén en Galiza
 408 mudou dun xeito moi significativo o sistema agrario tradicional,
 409 que pasou dun modelo de aproveitamento integral, dirixido ao
 410 abastecemento das principais necesidades alimentarias da pobo-
 411 ación, e moi intensivo en man de obra, a outro de especialización
 412 na produción gandeira de leite e materias primas para a industria,
 413 con altas compras de insumos externos, como enerxía, agrotóxi-
 414 cos, fertilizantes, cereais ou proteína para a alimentación animal,
 415 no que se reducía de xeito dramático o emprego agrario ano a
 416 ano.

417 Diversos autores consideran que o fenómeno de maior entidade
 418 no agro galego foi a perda de poboación ocupada na agricultura,
 419 con profundos impactos a nivel económico, social, territorial, am-
 420 biental e mesmo cultural. Dende os anos 50 reducíranse en máis
 421 de 750.000 o número de persoas ocupadas na agricultura e, por
 422 pór o exemplo dos últimos anos no sector leiteiro galego, en 5
 423 anos pecharon 2.412 granxas, o que supón un 26% das existentes
 424 ao final do sistema de cotas.

425 Os intereses das grandes empresas do sistema agroalimentario
 426 comezaron a condicionar dun xeito cada vez maior as políticas
 427 económicas, cunha dependencia crecente das persoas labregas
 428 respecto ás multinacionais de sementes, fertilizantes e pesticidas,
 429 a industria e a gran distribución de alimentos, e unha maioría de
 430 regulacións e programas de axudas públicas feitos en gran medida
 431 de acordo aos intereses das grandes empresas (lei de cadea ali-
 432 mentaria, normativa hixiénico-sanitaria, proxectos de investiga-
 433 ción, ordes de axudas...).

434 Unha das consecuencias do sistema agro-alimentario industrial
 435 globalizado é o control da alimentación por parte dun número
 436 moi reducido de empresas distribuidoras. No estado español o
 437 81% da poboación compra os seus alimentos en cadeas de super-
 438 mercados ou en grandes áreas. Cinco grandes empresas e dúas
 439 centrais de compra controlan o 75% da distribución de comida e
 440 polo tanto o tipo de alimentos que chegan á maioría dos fogares.
 441 A inmensa maioría son alimentos ultraprocesados, procedentes

do modelo industrial e que percorren grandes distancias antes de chegar á mesa das persoas consumidoras, co conseguinte dispendio enerxético e grandes emisións de gases de efecto invernadoiro. Un estudo de Amigos da Terra, Alimentos Quilométricos, calculou nun ano unha media no percorrido de 3,828 km dos alimentos importados polo estado español, como de Finlandia ata Galiza. En 7 anos na Galiza as importacións de alimentos procedentes do estranxeiro medraron arredor dun 30%, sen contar as que chegan a través doutras comunidades e as orixinadas no resto do estado. O 85% desas importacións corresponderían a cereais e preparados de cereais, peixes, mariscos e pensos para animais. O estudo tamén pon o foco na dependencia da gandería galega e europea en xeral respecto da importación de cereais e demais compoñentes para pensos, cunha distancia media percorrida de 7.000 km, procedentes principalmente de Arxentina, Brasil e Francia.

A dependencia do modelo intensivo da compra de insumos é moi importante e chega a ser total no caso das integradoras, nas que as persoas labregas perden totalmente a súa autonomía, asumindo todos os riscos, sen practicamente ningún dereito ou capacidade de decisión. O Sindicato Labrego Galego debe facer unha oposición decidida ao modelo das integradoras, que na práctica destrúen a agricultura labrega e socavan totalmente a capacidade de decidir das persoas produtoras de alimentos.

A loita contra as macrogranxas industriais, contra as iniciativas de control de fondos de investimento e grandes corporacións sobre a alimentación, contra a explotación de man de obra precaria, e a defensa do modelo social da produción de alimentos son outros dos sinais de identidade do Sindicato Labrego Galego. A Carta de Dereitos Campesiños e de Persoas Traballadoras das Zonas Rurais aprobada pola ONU a iniciativa da Vía Campesina constitúe un dos nosos documentos de referencia fundamentais e nel recóllense boa parte dos principios básicos que guían as nosas iniciativas.

As producións gandeiras rexistran en Galicia unha gran dependencia desta importación de alimentos para o gando, o que nos coloca nunha situación de gran vulnerabilidade. Deberíamos explorar todo o potencial que ten a produción propia de forraxes e o desenvolvemento da gandería extensiva, con apoios decididos para o acceso á base territorial suficiente e medidas para protexer ás ganderías de perdas como as orixinadas pola fauna silvestre ou danos como os fenómenos meteorolóxicos adversos, que ameazan con ser máis frecuentes no futuro, debido aos impactos do cambio climático. Desenvolver medidas e programas para reducir os danos, a asunción da responsabilidade civil subsidiaria da administración sobre a totalidade dos danos causados, e accións concretas para diminuír as perdas é unha necesidade importante tanto para os proxectos agrícolas como gandeiros.

Coa ameaza da emerxencia climática, a previsible volatilidade dos prezos dos alimentos, a diminución da dispoñibilidade e encarecemento de enerxías fósiles, co impacto brutal que isto terá na mecanización actual, no transporte... e en todos os derivados do petróleo de amplo uso no agro, é unha gran irresponsabilidade seguir incrementando a nosa dependencia alimentaria ou seguir incentivando o modelo de agricultura e gandería industrial.

Por todo isto, debemos conseguir a implantación dunha estratexia para garantir aquí a produción da maioría dos alimentos para unha dieta saudable para o conxunto da poboación, sen depender

de importacións quilométricas. Cómpre un programa calendarizado con obxectivos na redución da dependencia de alimentos nos que somos deficitarios como a froita, os cereais, hortalizas, transformados lácteos, cárnicos... Resulta fundamental, ademais, visibilizar e valorar a importancia da produción de alimentos para o autoconsumo e para o mercado local, apoiando e eliminando trabas para este tipo de producións.

4. A ADMINISTRACIÓN INIMIGA DAS LABREGAS. QUE POLÍTICAS PÚBLICAS DEFENDEMOS?

A crise medioambiental, e social, ao longo dos últimos anos, orixinada polos modelos convencionais de desenvolvemento rural e pola "modernización" da agricultura e gandería esixe a implantación de novas políticas públicas orientadas polo principio da sostibilidade.

A inseguridade e a perda da Soberanía Alimentaria dos pobos preséntase como unha das caras máis evidentes e contraditorias, xa que os argumentos principais para xustificar esta suposta "modernización" foi precisamente a necesidade de superar a fame que existe no mundo. A agroindustria está a alimentar ao planeta? Segundo a FAO, non: O 80% dos alimentos que realmente alimentan á poboación proceden de pequenas producións labregas.

Fronte ás tendencias globais que provocan a concentración da riqueza, a degradación ambiental e a desarticulación das comunidades rurais e locais, o concepto de SOBERANÍA ALIMENTARIA, asociado aos fundamentos da agroecoloxía emerxe como o grande enfoque orientador de Políticas Públicas alternativas destinadas a reestruturar os sistemas agroalimentarios e a remodelar os patróns de desenvolvemento rural en curso.

4.1. Que políticas públicas queremos impulsar?

O SLG leva anos traballando a diferentes niveis e desde diferentes organismos consultivos para o fomento dunhas Políticas Públicas a favor das pequenas producións, máis xustas e que fomenten a sostibilidade a todos os niveis, as nosas propostas son estas:

a) Reforma da lei para que ampare a marxe das persoas produtoras, garantindo uns prezos mínimos que cheguen para cubrir os custes de produción e deixar marxe suficiente para garantir unhas rendas as labregas e labregos que a súa vez son os xestoras e traballadoras da súa produción equivalente polo menos o salario con un traballo humano.

b) Desenvolver un programa de facilitación dos procesos progresivos de instalación de novas incorporacións ao sector agrario, coordinado mediante unha gobernanza estruturada e consensuada con todos os axentes implicados. Precisamos de ferramentas de apoio ás persoas emprendedoras que queren iniciar unha actividade agrícola ou gandeira nun entorno de acompañamento e orientación profesional, así como facilitar o acceso á terra ou a vivendas no medio rural. Neste punto, tamén se leva tempo reclamando a exención fiscal das axudas de incorporación de mozas e mozos que comencan unha actividade agraria.

c) Apoio de actividades que xeren valor engadido, fomentando os circuitos pechados de produción que son máis sostibles a nivel económico e medio ambiental, como pode ser a trans-

554 formación de produción primaria nas propias granxas ou fin-
555 cas, ou mesmo tamén no sector forestal, que xeran maior ri-
556 queza e fortaleza na contorna, ou incluso o impulso doutro tipo
557 de actividades, xa que unha das necesidades máis inmediatas
558 será a creación de emprego, tendo que ser primados polos
559 programas públicos.

560 **d)** Fomento da contratación pública responsable, que sexa
561 máis comprometida coas políticas sociais, ambientais e para a
562 igualdade de xénero, que nos axudará a transitar cara a unha
563 economía máis sustentable e inclusiva e en liña coa Estratexia
564 Europa 2020 e coa Axenda 2030 de Nacións Unidas, de Obxec-
565 tivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) que aspira a “erra-
566 dicar a pobreza, mellorar as condicións de vida da poboación
567 e lograr a rápida transición a unha economía baixa en emisións
568 de carbono e resiliente ao cambio climático”.

569 **e)** Fomento da Compra Pública de Alimentos responsable: A
570 administración pública é unha grande consumidora de alimen-
571 tos a todos os niveis, supoñendo no estado español o case 18%
572 do PIB. Esta transición no sistema da compra pública de ali-
573 mentos simplemente require unha mínima vontade política
574 dos gobernos así como unha serie de cambios normativos que
575 permitan ás producións labregas acceder a este tipo de con-
576 tratos, así como introducir criterios sociais, éticos e medioam-
577 bientais nos pregos de contratación pública.

578 **f)** Desenvolver un plan galego de recuperación e protección da
579 terra agraria, para asegurar a sostibilidade e a accesibilidade
580 da sociedade galega a unha alimentación de calidade. Para un
581 futuro precisamos que os solos con maior aptitudes para o cul-
582 tivo de alimentos estean protexidos por lei como terra agraria
583 de máxima protección, como mínimo nun 30% do territorio.

584 **g)** Desenvolver un plan de recuperación de biodiversidade, con
585 incentivos significativos para a recuperación de variedades au-
586 tóctonas adaptadas á climatoloxía e ao territorio.

587 **h)** Desenvolver un plan de defensa sanitaria dos cultivos, que
588 garanta a protección dos ecosistemas de cara ao futuro.

589 **i)** Necesidade de apoio á gandería extensiva e ás zonas de
590 montaña.

591 **l)** Asegurar a rede de oficinas agrarias comarcais, coa dotación
592 de persoal suficiente para integralo en todo este proceso de
593 desenvolvemento, así como unha atención presencial e de ca-
594 lidade.

595 **m)** Necesidade de crear un portelo único, con procedementos
596 estandarizados e simples, para a realización de trámites tele-
597 máticos, intentando homoxeneizar estes trámites, debendo
598 facer unha atención presencial á fenda de poboación que ten
599 dificultades neste tipo de trámites telemáticos.

600 **n)** En materia de economía circular precisamos evitar os gran-
601 des proxectos con grandes impactos, xa que os modelos máis
602 sostibles e máis eficientes son os de pequena escala e de apro-
603 veitamento local de recursos, por exemplo apoiando a com-
604 plementariedade da agricultura e gandería, de xeito que parte
605 dos esterco poidan ser utilizados para fertilizantes das terras,
606 ou que os proxectos gandeiros teñan a terra suficiente para
607 que os esterco, non se convertan nun problema ou por exem-

608 plo na escala local que poidan existir e se fomenten sistemas
609 de recollida de compostaxe orgánica.

610 **ñ)** Desenvolver un plan de indemnización para as persoas gan-
611 deiras, que cubra o 100% dos danos ás persoas que se ven
612 afectadas pola fauna salvaxe, alén de que a xestión da fauna
613 salvaxe é unha competencia da administración galega.

614 **o)** Necesitamos que os centros de investigación públicos es-
615 tean ao servizo das labregas e labregos e non das grandes em-
616 presas.

617 **p)** Desenvolver un plan de actualización ou creación de Infraes-
618 truturas, no caso de que non existan, como por exemplo:

619 ■ Serradoiros para o tratamento de madeira autóctona e
620 de calidade en todas as súas liñas.

621 ■ Centros para almacenamento, distribución e transporte
622 para a compra pública de alimentos.

623 ■ Matadoiros comarcais que permitan o sacrificio de ani-
624 mais con uns custes razoables de transporte.

625 ■ Obradoiros para a transformación agraria colectiva.

626 ■ Etcétera.

627 **q)** Desenvolver un sistema de renda básica universal: Garantir
628 uns ingresos para as persoas que non alcanzan o SMI.

629 **r)** Desenvolver un plan de transporte público: Necesidade de
630 conectar as cabeceiras de comarca coas zonas rurais, así como
631 que as persoas teñan posibilidade de mobilidade a centros
632 educativos, sanitarios, centros de traballo... creando consor-
633 cios públicos e xestionados desde o concello-comarca, como
634 por exemplo no concello de Allariz. Débese de avaliar o custo
635 e dotación orzamentaria para a posta en marcha dos consor-
636 cios de transporte municipal-comarcal.

637 **s)** Desenvolver un plan de acceso á vivenda digna, estable-
638 cendo axudas ás dificultades de pago, por falta de ingresos ou
639 pola diminución dos mesmos. Existencia dun parque de viven-
640 das público, tanto en zonas rurais como urbanas.

641 **t)** Os nosos gobernos deben de garantir a asistencia sanitaria
642 en todas as localidades con un mínimo de poboación que está
643 a menos de 15 quilómetros da mesma.

644 **u)** Debemos de garantir o dereito aos coidados: Debemos ga-
645 rantir coidados axeitados ás persoas máis vulnerables, como
646 as nosas persoas maiores, as crianzas, ou persoas con algún
647 tipo de necesidade especial. Debemos de fomentar un sistema
648 público de vivendas comunitarias e infraestruturas para per-
649 soas maiores e dependentes que permita o respecto á súa dig-
650 nidade, fomenta a súa autonomía o máximo posible e o máis
651 achegada aos seus seres queridos, podendo finalizar os seus
652 días no seu lugar de procedencia.

653 **v)** E por último, e non menos importante, senón todo o con-
654 trario, os nosos gobernos deben de Garantir o dereito a unha
655 alimentación suficiente e saudable a toda a poboación (Art. 25
656 da Declaración de Dereitos Humanos).

657 4.2. PAC

658 O Sindicato Labrego Galego quere outra PAC. Cremos que é posi-
659 ble e que é imprescindible se queremos frear a desaparición das

660 pequenas granxas como produtoras de alimentos e non deixar
661 grandes extensións de territorio e a nosa comida en mans da
662 agroindustria.

663 O campesiñado na Galiza desaparece a un ritmo maior que en
664 calquera outra comunidade autónoma española (-36%) e a su-
665 perficie agraria útil é só do 21%. O interese que teñen as reformas
666 da política agrícola común é cada vez máis escaso, pensamos que
667 por tres motivos: As expectativas que se crearon en reformas an-
668 teriores implicaron a toma de decisións pouco acertadas en moi-
669 tas granxas de Galiza; a complexidade e aridez da propia
670 normativa e a súa aplicación práctica; e a sensación de que todo
671 se decide noutro sitio e de costas ao sector. Por outro lado, a
672 prensa, a Consellería, algunhas organizacións agrarias, as coope-
673 rativas, a universidade... fan case sempre fincapé nas subven-
674 cións, no que recibe ou pode recibir cada granxa. E nunca se
675 nomea que tamén depende da PAC a regulación dos mercados, o
676 prezo, os acordos comerciais, a aplicación ou non do dereito eu-
677 ropeo da competencia, a intervención pública e privada, as orga-
678 nizacións de produtores, as variedades de uva que podemos
679 plantar, as prácticas enolóxicas, etc. Cada vez que entramos
680 nunha fase de reforma da Política Agrícola Común, só se fala das
681 “subvencións” e o resto nin se nomea.

682 A PAC elimina labregos e labregas en toda Europa. Desde moitas
683 instancias europeas sábese que a Política Agrícola Común debería
684 cambiar substancialmente debido ao fracaso en canto ao mante-
685 nimento da agricultura familiar no territorio. A substitución destes
686 por explotacións intensivas que producen grandes cantidades de
687 materia prima barata para a agroindustria e para a exportación
688 parece imparabile.

689 A teoría desta reforma da PAC soa ben: son precisas persoas no
690 territorio con producións diversificadas para responder á de-
691 manda duns alimentos de calidade, redución de adubos químicos,
692 antibióticos, praguicidas, redución da perda e desperdicio de ali-
693 mentos, etcétera. Na práctica seguirá expulsando persoas do te-
694 rritorio, teremos menos biodiversidade, substituiranse uns
695 insumos por outros, os alimentos seguirán con recorridos inmen-
696 sos, Europa seguirá sendo a primeira exportadora e, ao mesmo
697 tempo, a primeira importadora de alimentos do mundo.

698 Aínda que a agricultura e a gandería en Europa son moi diversas,
699 todas padecemos, en maior ou menor medida, dificultades para
700 acceder á terra, ás sementes, ao crédito, a mercados xustos. Cada
701 vez é máis difícil cubrir custes de produción. As condicións de tra-
702 balllo tamén se degradan: máis autoexplotación dos e das titulares
703 e peores condicións laborais para as persoas empregadas.

704 Polo tanto, temos que partir de que a intensificación, a concen-
705 tración, o aumento constante da produtividade e da produción
706 destinada á exportación, xeraron os efectos contrarios aos pre-
707 vistos: perda de agricultoras e agricultores, abandono dos lugares
708 e aldeas, envellecemento da poboación agraria, falta de relevo,
709 un nivel de endebedamento insosportable, graves problemas am-
710 bientais... Esta PAC destrúe vida e emprego tanto en Europa como
711 no resto do mundo.

712 Vendo os novos Regulamentos da UE concluímos que non modi-
713 fican nada importante. Parece que aínda que este modelo fraca-
714 sara, moitos políticos seguen apostando pola continuidade da PAC
715 vestíndoa de ecoloxismo, máis sostibilidade e loita contra o cam-
716 bio climático.. Outra década perdida para Galiza no que se refire

717 a PAC: continúa na liña de eliminar todos os instrumentos de re-
718 gulación seguindo os criterios da Organización Mundial do Co-
719 mercio (OMC) e as subvencións maioritarias para o sector seguen
720 a ser as desacopladas, pagadas por hectáreas, das que non dis-
721 poñemos na Galiza.

722 Para garantir prezos xustos e rendas dignas son imprescindibles
723 políticas públicas de regulación da produción e de reequilibrio da
724 cadea de valor, impedindo os abusos da industria e da gran dis-
725 tribución alimentaria. Deixar a responsabilidade de negociar uns
726 prezos rendibles nas organizacións de produtores como aconte-
727 ceu no período actual, coas OPLs lácteas por exemplo, demostrou
728 ser un auténtico fracaso, como denunciámos no Sindicato La-
729 brego Galego dende o minuto un, e só serviu para dilapidar o di-
730 ñeiro público que se meteu nestes inventos.

731 A negociación da Política Agraria Común está nun momento de-
732 cisivo a nivel estatal, que culminará en decembro de 2021 cando
733 o Ministerio presente na Comisión Europea o chamado Plano Es-
734 tratéxico Nacional, establecendo como van ser empregados os
735 34.124 millóns de pagos directos, os 5.069 millóns de medidas de
736 mercado e os 8.531 millóns de desenvolvemento rural no Estado
737 Español.

738 Galiza perde con un dos pagamentos máis baixos por Unidade de
739 Traballo Agrario (UTA), con unha axuda media por persoa benefi-
740 ciaria mínima (2.590,10 euros fronte a 3.959,45 euros de media
741 no Estado), con unha das axudas máis reducidas en relación coa
742 renda agraria e un pagamento moi baixo por superficie. Estamos
743 hoxe entre as comunidades con unha ratio máis baixa de axudas
744 en relación coa renda empresarial agraria (19,5 % fronte ao 30,3%
745 da media do estado español), e outra das grandes eivas é a pouca
746 porcentaxe de Superficie Agraria Útil (SAU), e de SAU con dereitos
747 de axuda; 58,5% no caso galego fronte ao 80,7% da media espa-
748 ñola.

749 E seguimos perdendo porque a defensa do status quo actual per-
750 petúa un sistema moi discriminatorio para as persoas galegas que
751 viven da actividade agraria e gandeira e non deixa de ser difícil
752 de entender a quen defende que cobre quen non ten ningunha
753 ou case ningunha actividade mentres se deixa fóra a xente moza
754 e a moitos sectores produtivos, ou se mantén unha discrimina-
755 ción de xénero enorme nos pagos mentres que o Ministerio se
756 proclama o gran defensor dos dereitos das mulleres. Se queremos
757 que todas aquelas persoas activas en Galiza cobren unha axuda
758 básica á renda digna e intentar igualarnos á media española, non
759 o imos conseguir se os importes seguen establecéndose en fun-
760 ción da superficie, se non hai topes máximos, se non hai un crite-
761 rio redistributivo real.

762 4.3. A mocidade, semente de futuro

763 No Sindicato Labrego Galego cremos firmemente que hai futuro
764 no rural e que este futuro está, de xeito fundamental, nas mans
765 da xente moza, persoas que se incorporan nun proxecto de re-
766 cente creación ou xente nova que toma o relevo na súa granxa
767 familiar. Como analizabamos no IX Congreso consideramos fun-
768 damental que a mocidade labrega estea organizada e articulada
769 dentro da nosa organización, durante o último período congresual
770 dende o Grupo da Mocidade estase desenvolvendo unha intensa
771 actividade que foi permitindo artellar a xente moza labrega por
772 todo o país e avanzar no debate e visibilizar as problemáticas as
773 cales se enfronta a xente moza. É necesario seguir a traballar

774 neste eixo e loitar para acadar unhas medidas que ,nunha época
775 onde existen centos de aldeas abandonadas e moitas persoas
776 mozas non atopan nin traballo, nin vivenda nas cidades tendo que
777 emigrar, permita a xente moza a ter un futuro digno no rural.

778 Necesidade de medidas que axuden á xente a instalarse no rural
779 As principais necesidades e reivindicacións da xente moza a día
780 de hoxe pasan por:

781 **a) Dificultade de acceso a terra:** É moi complicado se non vén
782 dun proceso de relevo xeracional e aínda sendo así e compli-
783 cado aumentar a base territorial e reorientar cara a outros mo-
784 delos produtivos. O acaparamento de terra por parte de
785 multinacionais co beneplácito da Xunta de Galicia e a falta
786 dunha ordenación territorial que favoreza a actividade agraria
787 representan unha clara ameaza para a incorporación da moci-
788 dade. Neste sentido faise necesario demandar un Banco de Ter-
789 rras público e operativo, que cumpra os seguintes obxectivos:

790 ■ Que non permita a especulación, sen discriminación de
791 ningún tipo (económica, de xénero...)

792 ■ Que todas as terras agrarias ou silvícolas en alugueiro ou
793 en venda sexan adxudicadas a persoas que cultiven e vivan
794 de xeito directo a terra ou comecen un proxecto neste sen-
795 tido, dando prioridade o acceso a terra a estas últimas.

796 ■ Que tanto as terras agrarias como silvícolas sexan asigna-
797 das con preferencia para que a dimensión cubra a viabili-
798 dade da man de obra familiar, persoas mozas que
799 demandan incorporarse e o traballo directo a tempo par-
800 cial.

801 ■ Que todas as terras para alugueiro ou venda se valoren a
802 prezos accesibles para a actividade agraria ou silvícola.

803 ■ Dotar a este Banco de Terras de todos os medios neces-
804 arios para facelo operativo e cumprir coas funcións asigna-
805 das.

806 **b) Dificultade de acceso a vivenda:** Un dos males que enfronta
807 a día de hoxe a mocidade é a dificultade de acceder a unha vi-
808 venda, tanto no urbano como no rural. Os baixos salarios, a
809 temporalidade laboral e a especulación que nun ben de pri-
810 meira necesidade como é o dereito a vivenda está habendo
811 son as causas principais polo que a mocidade non pode nin in-
812 dependizarse nin acceder a unha vivenda no rural ou no ur-
813 bano. Esta imposibilidade dificulta moito que a xente moza se
814 decida a dar o paso de iniciar proxectos no medio rural, faise
815 por tanto necesario demandar a creación dun Banco de Vi-
816 venda no Rural, que permita a toda aquela mocidade que
817 queira iniciar o seu proxecto l poida acceder a vivenda dun
818 xeito xusto e así mesmo se poidan poboar de novo aldeas ac-
819 tualmente deshabitadas.

820 **c) Política Agraria Común:** como recentemente soubemos coa
821 negociación da nova PAC, esta vai seguir sendo unha política
822 de destrución de pequenas e medianas granxas labregas . As
823 persoas mozas incorpóranse en moitos casos sen dereito e
824 teñen moitas dificultades para acceder os mesmos, mesmo a
825 través dos dereitos da Reserva.

826 **d) Financiamento:** Os plans de incorporación deberían de ser
827 máis flexibles, o seu período de investimento máis amplo,estar
828 abertos de xeito permanente durante todo o ano, e ofrecer un
829 seguimento e un acompañamento nos proxectos que acaban
830 de comezar. O formato e a burocracia das axudas fan que só
831 podan acceder a elas quen xa estea medio instalada ou acceda

832 a titularidade a través dun relevo xeracional dificultando moito
833 as actuais axudas se asenten proxectos novos e que estes
834 sexan viables máis ala dos 5 anos. Dende o Sindicato Labrego
835 Galego defendemos que a xente moza debe ter a posibilidade
836 de elixir o modelo no que quere producir alimentos. Neste as-
837 pecto, a xente moza reivindica que se apoien os proxectos de
838 produción agrícola e gandeira da mocidade, así como novas
839 ferramentas de financiamento (banca ética, cooperativas de
840 crédito solidario, etcétera.

841 **e) Xénero:** As mulleres mozas labregas queren incorporarse en
842 plena igualdade económica, social e política, estando presen-
843 tes en todos os ámbitos e toma de decisións, revisando tamén
844 os roles de xénero na cultura labrega.

845 4.4. Revolta feminista en todas as aldeas:

846 A Secretaría das Mulleres do SLG

847 O traballo específico con mulleres labregas é fundamental e trans-
848 versal no Sindicato Labrego Galego, así como o coidado perma-
849 nente de que se respecte a participación paritaria nos diferentes
850 ámbitos da organización e se teñan en conta as posibles repercu-
851 sións na vida das mulleres labregas das diferentes medidas e po-
852 líticas.

853 No Congreso do Sindicato Labrego Galego do 2007 apróbase a
854 paridade en tódolos ámbitos de decisión da organización ; pa-
855 sando a estar as mulleres labregas presentes en tódolos órganos
856 e espazos de debate; conservando os espazos propios pero par-
857 ticipando en pé de igualdade en tódolos espazos da organización.
858 O sistema capitalista e patriarcal baséase, en xeral, na existencia
859 de desigualdades estruturais como o feito de que moitas mulleres
860 asuman a maioría das tarefas da esfera reprodutiva e mesmo pro-
861 dutiva sen ningún recoñecemento social, dereito económico, de-
862 reito profesional ou remuneración.

863 En canto os dereitos profesionais, as mulleres labregas seguimos
864 a ter as granxas con menos dimensión en canto a base territorial.
865 E é esa base territorial a que segue a condicionar o groso das axu-
866 das da PAC, que se pagan ligadas a uns dereitos históricos basea-
867 dos na superficie das granxas, iso fai que nos propios estudos do
868 Ministerio de Agricultura a media de axudas cobrada polos homes
869 é de 6.059 euros e a das mulleres de 3.851 euros. En moitos casos
870 non somos titulares, non temos recoñecemento e cando o temos
871 o acceso a axuda pública, como pode verse, é totalmente des-
872 igual.

873 Dende a Secretaría das Mulleres do SLG parécenos imprescindible
874 un cambio decidido e rotundo nas políticas agrarias de ámbito
875 galego e de ámbito estatal onde se recoñeza o papel fundamental
876 que están a aportar as mulleres no ámbito rural. E nesa mesma
877 liña precisamos de servizos públicos nas aldeas, nas vilas para así
878 poder ter unha organización xusta e equitativa dos tempos pro-
879 fesionais e de lecer.

880 Temos que seguir denunciando a escasa implantación da Lei de
881 Titularidade Compartida, Lei aprobada polo Estado Español a fi-
882 nais do ano 2011. A día de hoxe na Galiza temos só 18 granxas
883 de Titularidade Compartida. Demandamos que de unha vez por
884 todas recoñézase a todas esas mulleres labregas que a día de
885 hoxe seguen a ser consideradas “axuda familiar” e estar total-
886 mente invisibilizadas.

887 Precisamos que se aproben e desenvolvan leis para erradicar a
888 violencia machista e que ditas leis se doten de presupostos que
889 permitan o seu desenvolvemento. A violencia machista asasina
890 as mulleres polo feito de selo e considerarnos propiedade e non
891 suxeitos de dereito neste sistema patriarcal.

892 O SLG no seu conxunto asume a loita contra o patriarcado e cal-
893 quera forma de discriminación como un dos seus valores esen-
894 ciais, implicándose en campañas propias ou en rede para acabar
895 co feminicidio e co fin de lograrnos unha sociedade na que pre-
896 valeza a xustiza social, a equidade e o respecto a diversidade.

897 A consecución dos dereitos profesionais das mulleres labregas,
898 dos dereitos económicos, sexuais, reprodutivos ou de calquera
899 outra índole constitúe o eixo de traballo fundamental da Secre-
900 taría das Mulleres do SLG, que é apoiada pola organización no
901 seu conxunto.

902 4.5. Seguridade Social

903 As persoas labregas teñen dereito a que se protexan os seus de-
904 reitos laborais e profesionais, co debido recoñecemento legal e
905 coberturas sociais dignas.

906 A cotización á Seguridade Social Agraria debe ser accesible e cal-
907 cularse en función dos ingresos, con apoios específicos para faci-
908 litar a inclusión das persoas con menos recursos. Deberían
909 revisarse os mecanismos de concesión e a contía das prestacións,
910 pois na actualidade segue a existir unha clara discriminación na
911 concesión de baixas por enfermidade ou por invalidez de moitas
912 persoas labregas, non recoñecéndolles a maioría das enfermida-
913 des profesionais, discriminando as persoas con menos ingresos
914 e, dun xeito particular, as mulleres labregas.

915 Non pode seguirse incrementando a idade para a xubilación e in-
916 crementarse os anos de vida laboral para as persoas maiores, que
917 se ven obrigadas a seguir desenvolvendo un traballo con elevadas
918 cargas físicas, así como diminución importante das prestacións
919 resultantes polo incremento da vida laboral, que xa a día de hoxe
920 son das máis baixas do sistema.

921 Denunciamos a obrigatoriedade da comunicación das persoas au-
922 tónomas coas Administracións, neste caso coa Seguridade Social,
923 por medios telemáticos (obrigatorio dende outubro do 2018).
924 Feito que fai que moitas persoas teñan que depender de terceiras
925 para facer trámites sinxelos que ata o momento podían facer elas
926 mesmas, e tamén a inseguridade que a parte da xente lle xera ter
927 que facer trámites electrónicos. E non podemos esquecer a bre-
928 cha dixital do rural con moitos aldeas e lugares nos que non
929 existe practicamente conexión a Internet ou de moi baixa cali-
930 dade. É imprescindible o restablecemento da atención nos orga-
931 nismos públicos e que estes estean dotados de persoal para
932 atención as persoas, que a Administración pública estea ao ser-
933 vizo das persoas.

934 5. DEFENDER A TERRA PARA ALIMENTARNOS

935 5.1. A terra para quen a traballa

936 Calquera país que non queira ser dependente debe garantir a se-
937 guridade alimentaria e dar pasos para construír a soberanía ali-
938 mentaria. E para iso debe dispoñer dunha ordenación e
939 delimitación racional do territorio, e da protección axeitada da

940 terra agraria.

941 Malia que se leva culpado do atraso da nosa agricultura ao mi-
942 nifundismo e mesmo ao excesivo numero de persoas propieta-
943 rias, ese non é o verdadeiro obstáculo. En todo caso, o excesivo
944 numero de parcelas por propiedade podería estar resolto coa
945 enorme inversión en concentracións parcelarias se estivesen
946 feitas de forma racional. O problema é que nos últimos 40 anos
947 se reduciu a superficie agrícola nun 40 por cento, aproximada-
948 mente, máis dun 1 por cento anual, froito dos intereses de in-
949 dustrias principalmente forestais coa connivencia de quen nos
950 gobernan. Redúcese a superficie agraria, diminúe a poboación
951 agraria, as granxas seguen a ter unha base territorial insuficiente
952 e mesmo hai zonas desertizadas.

953 As persoas que seguen na actividade agraria aumentan a media
954 de produción, pero en contadas ocasións o fan en base a terra,
955 o cal deixa de ser sustentábel e, en moitos casos, é inviábel. Non
956 hai posibilidade de atender a importante demanda actual de
957 terra en arrendo ou en propiedade, con prezos adecuados, para
958 instalarse por parte da mocidade que ten a determinación de
959 adicarse á produción de alimentos como medio de vida, moitos
960 deles en produción ecolóxica.

961 Polo que se deben establecer mecanismos que garantan o ac-
962 ceso á terra das persoas labregas, baixo o amparo da adminis-
963 tración pública e con prezos regulados.

964 Para non hipotecar a soberanía alimentaria de Galiza, a super-
965 ficie agrícola debería recuperarse ate supoñer, cando menos,
966 un terzo do territorio. Só así podemos ter a posibilidade dunha
967 Galiza rural viva, co emprego principal nas producións agrícolas
968 e gandeiras, e todo o ciclo de transformados de calidade. Incor-
969 porando de novo as terras de monte ao conxunto do sistema
970 agrario, con uso racional e multifuncional, que contribúa ó sis-
971 tema alimentario e pechando o ciclo dos aproveitamentos ma-
972 deireiros con destino local, cun estrito regulamento sobre as
973 especies forestais, o que podería contribuír tamén ao incre-
974 mento do emprego silvícola.

975 O goberno galego acaba de aprobar a Lei de Recuperación de
976 Terra Agraria con artigos que poden resultar realmente perigo-
977 sos de cara a facilitar o acaparamento de terras e a entrega de
978 grandes superficies a empresas ou grupos económicos. Resulta
979 imprescindible o traballo na defensa do uso social da terra e
980 contra o acaparamento, fenómeno global que compromete o
981 dereito á alimentación a escala planetaria. Segundo GRAIN, os
982 fondos de investimentos vinculados a plans de pensións priva-
983 dos están empregando de 5.000 a 15.000 millóns de dólares na
984 adquisición de terras de cultivos.

985 O goberno galego está a promover nos últimos anos continuos
986 cambios legislativos encamiñados a desprotexer aínda máis a
987 terra agraria e facilitar a instalación de proxectos mineiros, par-
988 ques eólicos e infraestruturas enerxéticas. Vemos con preocu-
989 pación o gran espolio que está a sufrir o territorio galego, e a
990 implantación masiva de proxectos con graves impactos ambien-
991 tais e de todo tipo (canteiras, depósitos de lixo...). Temos unha
992 porcentaxe de superficie agraria útil das máis baixas do estado
993 e mesmo a nivel europeo, aproximadamente 621.643 hectá-
994 reas, e unha media de 8,29 hectáreas por granxa. Perdéronse
995 máis de 180.000 hectáreas de terras produtivas nos últimos 30
996 anos, que contrastan coas máis de 425.000 hectáreas a euca-

997 liptos recoñecidas oficialmente pola Xunta, cando dende o pro-
 998 pio goberno as previsións para esta especie para o 2032 eran
 999 de 245.000 hectáreas. A permisividade e complicidade da Xunta
 1000 de Galicia coas forestacións ilegais de terras agrarias segue a ser
 1001 un factor moi preocupante. Estes datos extraídos das últimas
 1002 estatísticas oficiais publicadas aínda son moito peores no mo-
 1003 mento actual. O Sindicato Labrego Galego comprométese en
 1004 particular a defender os Montes Veciñais en Man Común, en
 1005 mans da veciñanza comuneira, fronte aos continuos intentos de
 1006 privatizalos e tentar que pasen a mans de empresas privadas.
 1007 A protección dos solos con aptitudes para a produción de ali-
 1008 mentos debe ser considerada estratéxica e neste sentido é im-
 1009 portante a implicación do Sindicato Labrego Galego na
 1010 consecución dunha Lei Marco de Protección de Solos de Alto
 1011 Valor Agronómico, co mesmo nivel de outras Lei Marco como a
 1012 de Augas ou similares. Entre tanto, o Sindicato Labrego Galego
 1013 comprometerase na defensa da terra contra o acaparamento
 1014 ou de procesos que destrúan a súa fertilidade, ou destrúan e
 1015 contaminen o solo, como o emprego de lodos de depuradora,
 1016 emprego de “fincas de castigo” para xurros.

1017 O mapa do territorio galego a 2021 está invadido de actividades
 1018 especulativas de acaparamento de terras: planos actuais e fu-
 1019 turos da minería, parques eólicos e fotovoltaicos, monocultivo
 1020 de eucaliptos e piñeiros, proxectos urbanísticos de infraestru-
 1021 turas, encoros, aldeas modelo para ricos, instalación de fondos
 1022 de investimentos como Surexport, proxectos da Xunta de inves-
 1023 tir en tecnoloxías como os procesos para crear proteína infinita
 1024 e encher as terras da costa de intensivas piscifactorías ou a pro-
 1025 ducción de fibra téxtil. A propia PAC tamén propicia o acapara-
 1026 mento entre os que máis cobran e aumenta a fenda cos que
 1027 cobran pouco ou nada. E as políticas dos gobernos seguen pri-
 1028 mando a especulación coa terra e cos recursos de todos, en es-
 1029 pecial das labregas e demais habitantes do medio rural, a favor
 1030 duns poucos.

1031 Isto é contradictorio coa declaración da Comisión Europea, pre-
 1032 sentada o 11/12/19, “Pacto Verde Europeo”. Este expresa como
 1033 prioridade a seguridade alimentar, a biodiversidade, a loita con-
 1034 tra a degradación da terra e o cambio climático. Para elo é pre-
 1035 ciso salvagardar o traballo vital das nosas labregas e
 1036 proporcionar aos cidadáns europeos alimentos nutritivos e de
 1037 maneira segura. As áreas consideradas rurais polo UE albergan
 1038 a mais do 50% da poboación, como se indica en dito Pacto. Son
 1039 o tecido da sociedade europea e o latido da economía. A diver-
 1040 sidade do paisaxe, a cultura e o patrimonio é un dos valores de
 1041 Europa. Entendese que unha alta prioridade hoxe é investir no
 1042 futuro das áreas rurais.”

1043 Tamén é contradictorio coas “Directrices de Tenencia Responsa-
 1044 ble da Terra” da FAO, lexislación aprobada polos estados pero
 1045 de cumprimento voluntario.

1046 Probablemente estas políticas se poidan cumprir, en parte, en
 1047 centro Europa, pero a nos parece que nos asignan un papel de
 1048 subministradores de recursos para deixarnos a velas vir. Iso non
 1049 é novo, e temos que resistir.

1050 Xa fixemos resistencia e en alianza con outros movementos so-
 1051 ciais, e en moitos casos conseguimos parar os proxectos, como
 1052 na central nuclear de Xove, proxectos de encoros como os do
 1053 Río Miño augas abaixo de Ourense ou os do Río Navia -por citar
 1054 algún dos mais grandes-, moitos proxectos mineiros entre os

1055 mais recentes Corcoesto e Erimsa, varios parques eólicos, celu-
 1056 losas, etcétera.

1057 Non podemos aceptar que o peche de parte da produción de
 1058 enerxía en base a carbón e petróleo e a substitución por ener-
 1059 xías con menos emisións, supoña arruinar o interior de Galicia.
 1060 A maioría das novas instalacións son para fornecer Madrid e
 1061 arredores sen recibir nada a cambio, agás unha pequena migalla
 1062 os concellos.

1063 Queremos enerxías renovables si, pero non así. Temos que anu-
 1064 lar todos os proxectos actuais porque non son racionais nin
 1065 equilibrados, e temos que loitar por conseguir:

1066 Unha Superficie Agraria Útil (SAU) equivalente a media do noso
 1067 entorno europeo, partindo dun terzo do territorio galego, con
 1068 especial protección sobre a actividade labrega. E, se por con-
 1069 senso social, unha zona fose afectada por algunha infraestrutura
 1070 ou servizo de interese, debería terse en conta minimizar a afec-
 1071 tación ás zonas de produción de alimentos á hora de aprobar
 1072 os proxectos. A cambio teríase que habilitar a mesma cantidade
 1073 de SAU das mesmas características en zonas próximas.

1074 Hai que evitar a especulación coa SAU, terra agraria protexida
 1075 para a produción de alimentos. A nova SAU incorporada ten que
 1076 servir para facer que sexan viables os proxectos labregos, fun-
 1077 damentalmente en base a man de obra familiar. E mesmo para
 1078 desintensificar e facer viable esa forma de producir cara un mé-
 1079 todo agroecolóxico, e para frear o despoboamento rural con ve-
 1080 ciñas que se incorporen a actividade agraria.

1081 A forma de xestionar a superficie, evitar a especulacións e cum-
 1082 prir os obxectivos do conxunto do relatorio, sería propiciar a re-
 1083 forma e dotación do banco de terras, adecuando as normativas
 1084 para que todas as compra-vendas e arrendamentos foran su-
 1085 pervisados ou adxudicados por este conforme ao conxunto do
 1086 exposto.

1087 Estamos a favor dunha transición enerxética en base a renova-
 1088 bles, sí, pero non así. Pode haber algunhas persoas ou activida-
 1089 des que teñan que medrar no consumo, pero a sociedade no
 1090 seu conxunto non pode seguir medrando indefinidamente. Hai
 1091 que cambiar patróns de economía e consumo que, cubrindo as
 1092 necesidades, signifique non aumentar o consumo total ou de-
 1093 crecer.

1094 Que todas as xeradoras de enerxía, en base a auga o final do
 1095 seu prazo de concesión actual, ou que xa rematou, pasen a pu-
 1096 blico-comunal para xestionalos dunha forma sustentable, tamén
 1097 na marxe de beneficio, evitando a especulación ás consumido-
 1098 ras. O beneficio obtido sen especulación, que cubra o mante-
 1099 nimento e investimento na infraestrutura, o equivalente ó tipo de
 1100 xuro oficial para que este sirva para rehabilitar ou cubrir as de-
 1101 mandas desa conca, o mesmo no caso da eólica ou fotovoltaica,
 1102 cando se esgota o período previsto para o funcionamento do
 1103 material instalado.

1104 Non teñen por que pararse as renovábeis, poden pararse para
 1105 facelo ben tendo en conta e fixar unhas parámetros claros. Solo
 1106 entón se podería continuar. Dende o SLG propoñemos unha mo-
 1107 ratoria e unha ordenación do modelo enerxético

1108 É urxente estimar as necesidades enerxéticas en cada zona do

1109 estado en base o antes dito, utilizando a técnicas de produción
1110 máis eficientes para cada unha delas, e que se achegue a sus-
1111 tentabilidade da súa produción, pois a conexión de toda a xe-
1112 ración eléctrica ás redes xerais, na súa circulación ten grandes
1113 perdas brutais e débese evitar. Non podemos permitir que Ga-
1114 liza sexa o vertedoiro enerxético de parte do estado.

1115 Dar prioridade á produción para autoconsumo simplificando os
1116 requisitos non imprescindíbeis eliminando gravames que non
1117 teñen sentido se non se vai xerar negocio.

1118 Facer xeracións pequenas para o subministro directo ó consumo
1119 achegado, para así evitar as perdas. E, en último caso, pasar á
1120 rede eléctrica a sobranse.

1121 Para protexer a SAU e calidade de vida no rural, no caso de ser
1122 aconsellable incrementar a produción, fariase en base a facer
1123 máis eficientes os vellos parques, que multiplicarían a produ-
1124 ción, e de ser aconsellable algunha instalación máis, só se po-
1125 derán incrementar, se teñen as dimensións, que non xeren ruído
1126 ás casas, ás granxas, e estar separadas destas, 15 metros mí-
1127 nimo por metro de altura, pois a experiencia demostra que apli-
1128 cando os mínimos da lexislación actual, temos que irnos para
1129 ter calidade de vida, cos 15 metros por metro, igualariámonos
1130 a lexislacións do centro-norte de Europa, ademais a altura non
1131 poderá ter gran impacto visual.

1132 Debe prohibirse a instalación de parques eólicos en superficie
1133 agrícola e en espazos protexidos.

1134 No caso destas novas instalacións, os proxectos terían que partir
1135 de consenso na zona afectada, ser elaborados pola institución
1136 competente habilitando crédito sustentable que se pagaría coa
1137 xeración de enerxía, e os promotores sería a comunidade resi-
1138 dente en cada momento.

1139 Na fotovoltaica haberá que facer máis, pero teñen que evitarse
1140 grandes superficies e non estar en zona de SAU, excepto o au-
1141 toconsumo.

1142 Estase traballando en máis alternativas, aínda que deberían de
1143 partir das institucións, para axustar estes avances. Pero non po-
1144 demos dar un paso atrás.

1145 5.2 Sementes e biodiversidade

1146 As sementes constitúen un dos piares fundamentais e insubs-
1147 tituíbles da produción de alimentos. As labregas e labregos sá-
1148 beno e ao longo dos séculos todas as comunidades agrícolas
1149 saben gardar, conservar e compartir as súas sementes, permi-
1150 tindo deste xeito que as sementes se adaptaran a diferentes
1151 condicións climatolóxicas e topográficas. E que permitiu todo
1152 isto? Que a agricultura se estendese e fose posible que a cida-
1153 danía se alimentase cunha dieta variada.

1154 Debemos defender as nosas sementes, as sementes labregas.
1155 A nosa campaña de defensa das sementes autóctonas debe ba-
1156 searse na resistencia contra as multinacionais, posto que cada
1157 vez é maior o proceso de concentración de sementes nas súas
1158 mans (estímase que un 70 por cento das sementes xa está nas
1159 súas mans). Este proceso de usurpación das sementes labregas
1160 está a ser dirixido polos propios gobernos dos estados, que mo-
1161 delan a lexislación para favorecer os intereses das grandes em-

1162 presas, expropiándonos a labregas e labregos o dereito a pro-
1163 ducir as nosas sementes. Tamén debemos, como labregas e la-
1164 bregos, recuperar o control da produción de sementes. Non
1165 pode existir un modelo de produción labrego sen sementes la-
1166 bregas. O SLG combaterá polo seu perigo os Organismos Modi-
1167 ficados Xeneticamente, tanto os antigos como os que se realizan
1168 empregando anovadoras tecnoloxías.

1169 5.3. Auga

1170 Galiza, debido á existencia dun gran número de ríos, regatos e
1171 fontes, sempre tivo un elaborado sistema de aproveitamento
1172 da auga, que caeu en desuso coa intensificación das prácticas
1173 agrarias. Co cambio climático, a auga será un ben aínda máis
1174 escaso, sendo previsible tamén en Galiza a maior incidencia de
1175 períodos de seca e os posibles danos nas colleitas pola deses-
1176 tabilización do clima, polo que será preciso retomar a cultura
1177 de xestión da auga. Dende o Sindicato Labrego Galego debemos
1178 loitar contra a privatización da auga e o seu control por parte
1179 de multinacionais, garantindo o acceso de todas as persoas a
1180 este ben, así como a xestión pública e comunitaria e o seu em-
1181 prego responsable, dando prioridade aos usos alimentarios e
1182 agrícolas.

1183 5.4. Emerxencia climática e diminución da dependencia 1184 enerxética

1185 Atopámonos ante dúas crises moi relacionadas entre si. A cien-
1186 cia leva 50 anos avisando da inviabilidade do modelo crecentista
1187 (capitalista ou doutro signo) nun planeta finito. Esta inviabili-
1188 dade xorde de dúas limitacións da Terra: para prover recursos
1189 e para asumir emisións sen trocar as súas dinámicas cara a
1190 unhas condicións ambientais inasumibles para nós como seres
1191 humanos.

1192 A primeira das limitacións estase a manifestar de xeito acele-
1193 rado nestes últimos meses coa chegada dos picos do petróleo
1194 (xa de calquera caste, tamén o non convencional) e do gas, pero
1195 as crises de prezos que estamos a afrontar e non teñen viso de
1196 mellorar agochan outros picos relacionados con recursos mine-
1197 rais imprescindibles para a transición enerxética da que tanto
1198 se fala, e que a van facer inviable na súa concepción convencio-
1199 nal (a de mudar as fontes enerxéticas mantendo o nivel actual
1200 de demanda e mesmo asumindo a continuidade do crecemento
1201 económico).

1202 A segunda das limitacións, a do deterioro ambiental ligado ás
1203 emisións das actividades humanas ten o seu máximo expoñente
1204 na mudanza climática ligada ó incremento de gases de efecto
1205 invernadoiro (GEI) na atmosfera. A suba das temperaturas está
1206 a provocar un incremento dos eventos climáticos extremos (fu-
1207 racáns, temporais nas costas, “gotas frías”, secas, vagas de calor,
1208 etcétera) que provocan danos materiais, un maior risco de lume
1209 nos montes e maior probabilidade de danos nas colleitas, e de
1210 custes na produción de leite e carne.

1211 A maiores, a mudanza climática fai imprescindible un esforzo
1212 suplementario na redución de emisións de GEI, o que leva ós
1213 Estados a aplicar políticas que inciden na dispoñibilidade de
1214 enerxía e o seu prezo, incrementándoo, e obrigas ás explota-
1215 cións que poden supoñer custos engadidos que dificulten a súa
1216 viabilidade (p.e., as derivadas de esixencias nos sistemas de apli-
1217 cación de xurros nas leiras).

1218 Unha terceira derivada da mudanza climática é a aparición ou
1219 agravamento de enfermidades e pragas favorecidas pola suba
1220 de temperaturas e a desaparición das xeadas invernaís, etc.

1221 Desde o SLG debemos formular solucións realistas a todos estes
1222 retos, partindo de premisas baseadas no mellor coñecemento
1223 e en datos actualizados, que sirvan para orientar á nosa afiliación na toma de decisións nun momento no que moitos dos alicerces do paradigma dominante se van ver cuestionados.

1226 Sobre a limitación da dispoñibilidade enerxética: De acordo cos
1227 informes da Asociación Internacional da Enerxía, o desinvestimento que desde o 2014 están a facer as compañías petroleiras ante a nula rendibilidade dos xacementos (elevado custe de extracción que non se pode repercutir no prezo, xa que a poboación non pode pagalo) e a quebra xeneralizada do sector do fracking nos Estados Unidos fai que o incremento de custes do barril de Brent -que nestes días está a superar os 80 dólares- non teña visos de retornar a valores inferiores, cando menos no medio e longo prazo. O incremento do prezo do combustible seguirá a subir nos vindeiros anos, a maiores, nese tempo a súa dispoñibilidade seguirá a caer. Pola súa parte, a suba do prezo do gas natural está a supoñer o peche de fábricas de fertilizantes e a súa menor dispoñibilidade e encarecemento.

1240 En definitiva, o modelo agroindustrial baseado nos recursos fósiles (gasóleo, fertilizantes, pesticidas, etcétera) vaise ver sometido a unha enorme presión. É esperable que as profesionais da agricultura convencional, atrapadas nese modelo, esixan subas de prezos que compensen os custes. Estas subas deberan facerse idealmente a costa dos beneficios da industria ou da distribución, xa que a poboación en moitos casos ten pouca capacidade de afrontala (tamén é certo que cómpre dar a batalla da importancia que debe ter o gasto en alimentación nas nosas economías familiares). En todo caso cómpre ser conscientes que é unha loita no curto prazo, xa que o modelo agroindustrial está ferido de morte.

1252 É preciso polo tanto non perder de vista -e non perder ocasión para lembralo- a necesaria transición agroecolóxica e relocalizadora da produción alimentaria mundial. Aquí están as loitas que o Sindicato Labrego Galego está a levar adiante con coherencia e continuidade desde fai moitos anos e que deben ser visibilizadas e ir progresivamente acadando a centralidade do noso discurso na necesidade dun cambio de modelo. Desintensificación, transición agroecolóxica, pastoreo, xestión forestal sustentable e diversificada serán as vías a un rural viable e sustentable, en todo o planeta.

1262 Con respecto á mudanza climática, son precisas dúas estratexias complementarias, unha de investigación e propostas para a adaptación ó inevitable cambio climático, e outra de denuncia das falsas solucións, decotío inxustas para as pequenas granxas, que procuran evitar o sinalamento do modelo agroindustrial globalizado intensivo, depredador do medio e dependente do petróleo -condenado polo tanto á desaparición- mesturando estatísticas dos sectores, agochando determinados impactos exclusivos deste modelo, omitindo o debate da súa vulnerabilidade e, en definitiva, adiando as auténticas solucións.

1272 5.5. Sistemas alimentarios locais fronte aos riscos globais

1273 Ter a perspectiva de traballo en base aos sistemas alimentarios

1274 locais resulta central para comprender e actuar fronte a riscos
1275 globais como pode ser a crise climática entre outras.

1276 Todas estas emerxencias globais teñen un grande impacto na
1277 seguridade alimentaria e na nutrición de toda a cidadanía ao
1278 verse afectadas pola falta de produtos alimenticios, acceso
1279 e prezos dos mesmos sobre todo en áreas urbanas onde a densidade da poboación é maior.

1281 Isto supón un grave problema en múltiples aspectos, tanto a
1282 nivel da vulnerabilidade das persoas, como a nivel ambiental e
1283 socio-económico, o que obriga, e vímolos recentemente, a crear
1284 estratexias urxentes de resposta.

1285 Desde o Sindicato Labrego Galego, consideramos que a solución
1286 ven por unha parte da man da agroecoloxía e doutra de apoiar
1287 e conseguir políticas públicas que favorezan a chegada de alimentos locais á cidadanía (apoio á creación de grupos de consumo, mercados, compra pública de produtos locais, sistemas de certificación participativa, sensibilización e construción de espazos coas persoas consumidoras, etcétera), tratando de promover os cambios lexislativos necesarios para que estes alimentos poidan ser transformados e comercializados, con todas as garantías de calidade, pero mudando unha lexislación que actualmente non diferencia ás pequenas producións labregas ou artesás dos procesos ou producións máis industriais. Neste aspecto, no SLG seguimos loitando para que se apliquen todas as medidas de flexibilización da normativa hixiénico-sanitaria para pequenas producións labregas, que xa existindo na normativa europea non se aplican no estado español, e favorecerían por unha parte ás pequenas producións xa que terían un “valor engadido” no produto que ofrecen, e por outra banda beneficiaríase toda a cidadanía, que se achegarán tamén produtos transformados sans, calidade, e locais ao seu prato.

1305 Fomentando a compra pública en sistemas alimentarios locais,
1306 comprando alimentos de proximidade, saudables e sustentables
1307 preténdese xerar un efecto multiplicador que fomente por unha
1308 parte a economía local, tanto para as persoas produtoras de alimentos, como para as diversas conexións que poida xerar, e por outra parte o cambio de valores, educación e cultura alimentaria da sociedade en xeral, así como a xeración dun novo modelo alimentario.

1313 En definitiva, o fomento de sistemas alimentarios locais faranos
1314 máis fortes como sociedade, ademais que axudaría a recuperar
1315 unha relación equilibrada e a natureza e a economía.

1316 5.6. Rexeitamento dos tratados de libre comercio

1317 O Sindicato Labrego Galego rexeita de xeito rotundo os chamados
1318 tratados de libre comercio que, co pretexto de sinalar unhas
1319 liñas vermellas nos acordos, dá entrada ao goberno directo das multinacionais sobre aspectos básicos das nosas vidas como a alimentación, a saúde, o comercio, a educación, os dereitos laborais ou a protección da natureza.

1323 A Comisión Europea, pese ao escurantismo e a falta de control democrático co que trata de levar sempre este tipo de negociacións, xa admitiu o gran impacto que algúns tratados están a ter sobre a agricultura e a gandería europeas. O Sindicato Labrego Galego deber reforzar a súa actividade neste eixo de traballo, posto que nos atopamos nun momento crucial á hora de refor-

1329 zar o gran movemente cidadán de
1330 oposición a estes tratados.

1331 Hai estudos que cifran a perda de pos-
1332 tos de traballo que podería producirse
1333 na UE en aproximadamente 600.000
1334 empregos; e, a través de mecanismos
1335 como o de resolución de conflitos ou
1336 tribunais de arbitrase específicos eli-
1337 minaríase, na práctica, o dereito á so-
1338 beranía dos pobos ou calquera outro
1339 dereito democrático.

1340 Dende hai anos, a sociedade galega li-
1341 broou con firmeza unha loita contra a
1342 instalación de megaproxectos de mi-
1343 nería, produción enerxética e siste-
1344 mas industriais de produción primaria
1345 e a ocupación de miles de hectáreas
1346 de terra por parte de grandes multi-
1347 nacionais. Moitos destes proxectos
1348 foron denegados debido aos seus im-
1349 pactos e á mobilización social, mais de
1350 ir adiante os Tratados de Libre Comer-
1351 cio, as multinacionais contarían con
1352 mecanismos legais que lles permiti-
1353 rían reclamar indemnizacións multi-
1354 millonarias en tribunais de arbitrase,
1355 controlados polas propios investido-
1356 res e con custos inadmisibles, o que
1357 dificultaría moito a lexítima defensa
1358 dos dereitos da cidadanía.

1359 Non podemos permitir que as multi-
1360 nacionais gobernen a alimentación, a
1361 terra, a auga, a saúde, a educación, as
1362 nosas vidas e, en definitiva, o noso fu-
1363 turo. Xogamos moito e non caben me-
1364 dias tintas. Contra os tratados de libre
1365 comercio e contra o goberno das mul-
1366 tinacionais.

1367 6. ALIANZAS DO SLG

1368 A día de hoxe a nosa organización, o
1369 Sindicato Labrego Galego é o único
1370 sindicato agrario nacionalista con
1371 base social en practicamente todas as
1372 comarcas do noso territorio.

1373 Dende o Sindicato Labrego Galego e,
1374 conforme ao acordado pola organiza-
1375 ción xa en congresos anteriores, debe-
1376 mos seguir propiciando e partici-
1377 pando en alianzas que combatan as
1378 políticas neoliberais e defendan o de-
1379 dereito das persoas labregas e da cida-
1380 danía en xeral a vivir dignamente e a
1381 loita pola soberanía alimentaria.
1382 Alianzas contra os recortes nos servi-
1383 zos públicos e contra as políticas de
1384 austeridade, a privatización da auga,
1385 a espoliación da terra e da natureza.

1386 Alianzas por un mundo en paz. Alian-
1387 zas contra calquera forma de discrimi-
1388 nación, contra a violencia machista.
1389 En definitiva, alianzas a favor de cal-
1390 quera outra acción na defensa do in-
1391 terese xeral. Un dos criterios fun-
1392 damentais á hora de establecer alian-
1393 zas con outros colectivos seguirá
1394 sendo o respecto á autonomía, á iden-
1395 tidade e ao dereito á autoorganiza-
1396 ción das labregas e dos labregos no
1397 SLG, e a reciprocidade no recoñece-
1398 mento destes mesmos dereitos ás ou-
1399 tras organizacións.

1400 A actuación da Administración Galega
1401 está a dificultar o desenvolvemento

1402 das desexables relacións normalizadas
1403 coas institucións, posto que incumpre
1404 sistematicamente a lei nas convocato-
1405 rias do Consello Agrario Galego e dou-
1406 tros órganos de interlocución, difi-
1407 cultando mesmo a preceptiva con-
1408 sulta pública e os mecanismos de par-
1409 ticipación social previstos na legis-
1410 lación comunitaria. Neste sentido,
1411 dende o Sindicato Labrego Galego se-
1412 guiremos a defender o dereito das la-
1413 bregas e labregos galegos a defender
1414 democraticamente os nosos intereses
1415 e o esixible respecto institucional ás
1416 organizacións que representan ao sec-
1417 tor.



ESTATUTOS DO SINDICATO LABREGO GALEGO COMISIÓNS LABREGAS*

TÍTULO I

DENOMINACIÓN, FINS, ÁMBITO TERRITORIAL E PROFESIONAL

Artigo 1º.- O SINDICATO LABREGO GALEGO – COMISIÓNS LABREGAS, denominarase tamén polas siglas SLG - CC.LL. Coa fin de simplificar a nivel público o emprego do nome, utilizarase a fórmula SINDICATO LABREGO GALEGO, en siglas SLG.

O SLG é un sindicato de base, nacionalista, democrático, progresista e independente, que defende un desenvolvemento endógeno e sostíbel do medio rural galego.

O SLG é unha organización sen ánimo de lucro constituída ao abeiro da Lei 19/77, de 1 de abril, que regula o dereito de asociación sindical e que se rexe por esta Lei, polas disposicións que a desenvolven, polas demais disposicións que lle sexan de aplicación e polos presentes estatutos.

O SLG ten os seguintes principios básicos de actuación:

- 1.- A defensa dos intereses sociais, económicos, profesionais e culturais dos labregos e labregas galegas e, por extensión, de toda a sociedade rural galega.
- 2.- A democracia como mecanismo de funcionamento interno.
- 3.- A independencia e soberanía propia na toma de decisións.
- 4.- A solidariedade con tódolos labregos e labregas e traballadores e traballadoras de Galiza e do mundo.
- 5.- A auto organización endóxena dos labregos e labregas a todos os niveis.

Artigo 2º.- O SLG ten como fins:

- 1.- Acadar o desenvolvemento profesional, cultural e económico dos labregos e labregas galegos/as en xeral, e dos seus asociados e asociadas en particular.
- 2.- Acadar un modelo agrario baseado na soberanía alimentaria, entendida esta como o dereito dos pobos, estados ou grupos de estados a decidir a súa propia política agrícola e alimentaria, sen dumping en contra de terceiros países. Un modelo cunhas prácticas agronómicas sostíbeis, baseado na explotación familiar agraria galega.
- 3.- Acadar a valorización do medio rural tendo en conta os principais activos cos que conta: as persoas e os recursos naturais.
- 4.- Acadar a igualdade real de homes e mulleres así como a titularidade compartida nas explotacións agrícolas.
- 5.- Actuar como entidade prestadora de servizos sociais desenvolvendo as actuacións necesarias de cara a conquistar os obxectivos establecidos na normativa aplicable.

Artigo 3º.- Para acadar os fins referidos no apartado anterior compétenlle ao SLG as seguintes funcións:

- 1.- Defender os intereses dos seus asociados e asociadas e dos labregos e labregas galegas en tódolos aspectos da actividade profesional agraria.
- 2.- Intervir no desenvolvemento profesional, cultural e de nivel de vida dos seus afiliados e afiliadas.
- 3.- Promover a constitución de mutuas, asociacións permanentes ou transitorias; e mesmo participar na creación de empresas, públicas ou privadas, para a defensa dos intereses económicos dos seus afiliados e afiliadas.
- 4.- En xeral, tódalas necesarias para acadar os fins referidos no artigo anterior.

Artigo 4º.- O SLG ten como ámbito territorial de actuación a Nación Galega.

Artigo 5º.- O SLG ten como única lingua a galega, asumindo o compro-

miso de contribuír a que sexa a lingua de todos os galegos e galegas.

Artigo 6º.- O SLG ten como ámbito profesional a defensa do medio de vida dos labregos e das labregas, baseado na explotación familiar agraria galega.

Artigo 7º.- O SLG constitúese por tempo indefinido.

Artigo 8º.- Da sede social do SLG.

1.- O SLG establece a súa sede central en Santiago de Compostela, na Rúa de Ofelia Nieto, nº 13-23, baixo – Meixonfrío.

2.- O cambio de domicilio da sede central dentro da propia comarca de Compostela non requirirá modificación estatutaria algunha.

3.- Facultase á Dirección Nacional para establecer os domicilios sociais que estime oportunos.

TÍTULO II

AFILIADOS/AS, SIMPATIZANTES E COLABORADORES/AS

CAPITULO 1º

Dos afiliados e afiliadas. Dereitos e Deberes.

Artigo 9º.- Da condición de afiliado/a.

1.- Poderán ser afiliados/as do sindicato aqueles agricultores e agricultoras; gandeiros e gandeiras; ou silvicultores e silvicultoras, que co seu traballo directo e persoal, xa como titulares, como axuda, xa como cooperativistas ou socios/as de calquera forma asociativa, traballen terras propias ou alleas, destinadas á produción agrícola, gandeira, hortofrutícola ou forestal. Tamén poderán acadar tal condición aquelas persoas que teñan explotacións de gandería sen terra, sempre e cando as traballen elas directamente e/ou outros/as membros da familia.

1 bis.- Poderán ser afiliadas do sindicato as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC), na súa condición de propietarias e xestoras dos Montes Veciñais en Man Común (MVMC). A afiliación da CMVMC non supón a condición de afiliados/as dos comuneiros e comuneiras do MVMC. A afiliación de un ou varios comuneiros ou comuneiras do MVMC non supón a condición de afiliada da CMVMC polo mero feito desta afiliación da/s persoa/s.

2.- Teñen a condición de afiliadas, todas as persoas da mesma familia que traballen na mesma explotación, se así o consideran e se dan de alta na base de datos de afiliados/as do SLG. A cota será única por explotación.

3.- Tamén poderán ser afiliados/as do SLG os/as agricultores/as a tempo parcial e os/as que por necesidade empreguen asalariados/as na súa explotación sen que, por iso deixen eles/as de traballar directamente nela.

4.- Salvo por causa de forza maior, a man de obra asalariada non poderá superar o 50% da man de obra familiar ou asimilada de emprego directo dos/as titulares e/ou axudas da explotación. Isto exclúe aos/ás absentistas que non traballen directamente a súa explotación.

5.- Só poderán acadar a condición de afiliados/as os/as maiores de 16 anos.

6.- Non poderá negárselle a afiliación a ningunha persoa ou grupo por razóns de sexo, relixión, ideoloxía, raza ou nacionalidade.

Artigo 10º.- Do ingreso no SLG.

1.- O ingreso no SLG será voluntario e, como norma xeral, individual. A recepción do ingreso tramitaraa o/a Coordinador/a Comarcal, e será ratificada ou denegada polo Consello Comarcal.

2.- No caso de afiliación colectiva dun grupo organizado, deberá resolver a Dirección Nacional ou organismo en quen esta delegue. En calquera caso, as altas na afiliación serán sempre de persoas físicas na súa condición de titulares ou membros de explotacións. Agás para o caso das CMVMC, que están reguladas no artigo 9º.

Artigo 11º.- Son dereitos dos/as afiliados/as:

1.- Elixir e ser elixido/a para os cargos de dirección, representación e

116 administración de que está dotado o SLG.
 117 **2.-** Tomar parte activa na vida interna da organización, con voz e voto,
 118 nas asembleas, organismos e Congreso do SLG.
 119 **3.-** Propoñer e recusar aos compañeiros/as elixidos/as en organismos
 120 de dirección local, comarcal e nacional, de acordo coas normas ema-
 121 nadas destes estatutos ou dos acordos da Dirección Nacional.
 122 **4.-** Recibir información da actividade do sindicato a través dos boletíns
 123 da organización ou de calquera outro medio habitualmente utilizado.
 124 **5.-** Usar os servizos que presta o SLG, sempre que se estea ao corrente
 125 do pago das cotas e de acordo ás normas que dite a Dirección Nacional
 126 ou organismo en quen delegue.
 127 **6.-** Coñecer a situación económica e organizativa do SLG, incluíndo a
 128 inspección de acordo as normas que estableza a D.N.
 129 **7.-** As que resulten do disposto nestes estatutos ou dos acordos vali-
 130 damente adoptados pola Dirección Nacional.

131 **Artigo 12º.- Son deberes dos/as afiliados/as:**

132 **1.-** Cumprir os estatutos e colaborar en acadar os fins aos que se refire
 133 o artigo 2 dos estatutos, segundo as súas posibilidades e baixo a di-
 134 rección dos órganos de representación do SLG.
 135 **2.-** Non contravir os acordos lexitimamente adoptados polos órganos
 136 de representación sindical.
 137 **3.-** Estar ao día no pago de cotizacións.
 138 **4.-** Asistir ás reunións de asembleas ou organismos do sindicato para
 139 os que resultara elixido/a.
 140 **5.-** Os demais que resulten do disposto nestes estatutos ou de acordos
 141 validamente adoptados pola Dirección Nacional.

142 **Artigo 13º.- Perderase a condición de afiliado/a por:**

143 **1.-** Exclusión voluntaria comunicada ao/á Coordinador/a Comarcal.
 144 **2.-** Perda da condición de labrego/a, nos termos do establecido no ar-
 145 tigo 9 dos presentes estatutos.
 146 **3.-** Por non cumprir co deber de pago das cotizacións.
 147 **4.-** Por expulsión motivada por contravir gravemente os presentes es-
 148 tatutos e/ou os acordos lexitimamente adoptados polos órganos de
 149 representación do SLG.
 150 A perda da condición de afiliado/a non dará dereito á devolución ou
 151 indemnización de ningunha caste polo SLG.

152 **Artigo 14º.-** Os/as afiliados/as que a xuízo dalgún organismo do SLG
 153 non cumpran as obrigacións establecidas no artigo 12, poderán ser
 154 apercibidos por escrito. No caso de non modificar o seu comporta-
 155 mento poderán ser suspendidos temporalmente dos seus dereitos e
 156 cargos polo organismo inmediatamente superior ao órgano do que
 157 formen parte. De persistir na súa actitude será expulsado/a polo or-
 158 ganismo que tomou o acordo de suspensión. A expulsión poderá ser
 159 recorrida ante a Dirección Nacional. O acordo da Dirección Nacional é
 160 inapelable.

161 **Artigo 15º.-** A non satisfacción de cotas correspondentes a doce meses
 162 consecutivos, sen razón xustificada, é motivo de expulsión automá-
 163 tica.

164 **CAPITULO 2º**

165 **Dos/as Simpatizantes e Colaboradores/as**

166 **Artigo 16º.- Da condición de Simpatizante.**

167 **1.-** Son simpatizantes do SLG aquelas persoas que, non sendo afilia-
 168 dos/as, comparten a liña sindical da organización.
 169 **2.-** Os/as simpatizantes teñen dereito a recibir todas as publicacións
 170 que edite a organización.
 171 **3.-** Os/as simpatizantes teñen a obrigación de facer a achega econó-
 172 mica que acorde a Dirección Nacional.

173 **Artigo 17º.- Da condición de Colaborador/a.**

174 **1.-** Son colaboradores/as aquelas persoas que non sendo afiliados/as
 175 do SLG, veñen mantendo unha relación de cooperación e colaboración

176 solidaria co SLG.

177 **2.-** Os/as colaboradores/as poderán organizarse nos Comités de Apoio
 178 aos/as Labregos/as (CAL). Os CAL funcionarán en todo momento baixo
 179 a dirección e coordinación da Executiva Nacional do SLG ou organismo
 180 en quen delegue. O seu réxime de funcionamento e actuación será
 181 acordado pola Dirección Nacional. En todo caso poderán asistir á reu-
 182 nión de organismos do SLG cando foran convocados/as a tal efecto,
 183 con voz pero sen voto.

184 **TÍTULO III**

185 **ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN,** 186 **GOBERNO E ADMINISTRACIÓN**

187 **Artigo 18º.-** O SLG organizase a nivel territorial; a nivel horizontal e
 188 sectorial; e a nivel nacional.

189 **CAPÍTULO 1º**

190 **Dos órganos territoriais**

191 **Artigo 19º.-** O SLG, a nivel territorial, organizase a nivel local e comarcal,
 192 sendo os seus órganos os seguintes:

193 **1.-** A nivel comarcal:

194 -Asemblea Comarcal (AC)

195 -Consello Comarcal (CC)

196 **Sección 1ª.- Dos Órganos Comarcais.**

197 **Artigo 20º.- Da Asemblea Comarcal (AC).** O SLG organizase en zonas
 198 que poden estar constituídas por unha ou máis comarcas, segundo
 199 criterios de operatividade sindical. A DN establecerá os criterios par a
 200 constitución das Asembleas Comarcais.

201 As diferentes comarcas en que hoxe se divide o SLG poderán unirse
 202 entre si formando unha nova comarca sempre e cando cumpran os
 203 seguintes requisitos:

204 **1.-** Que sexan limítrofes.

205 **2.-** Que entre as comarcas que se unan, reúnan o número mínimo
 206 de afiliados/as para constituírse en Comarca.

207 **3.-** Que a unión sexa proposta polo CC ou pola DN.

208 **4.-** Que exista acordo dos Consellos Comarcais que se fusionan. **5.-**
 209 Que o acordo sexa referendado pola DN do SLG.

210 **Artigo 21º.- Das funcións da Asemblea Comarcal (AC).** A Asemblea
 211 Comarcal é o órgano de decisión soberana a nivel comarcal. Está for-
 212 mada por todos/as os/as afiliados/as da comarca. Ten as seguintes
 213 funcións:

214 **1.-** Elección do Consello Comarcal.

215 **2.-** Aprobar ou ratificar o programa de actuación na comarca.

216 **3.-** Aprobar ou ratificar a liquidación de contas e orzamento da co-
 217 marca.

218 **4.-** Aprobar a constitución da Executiva Comarcal.

219 **5.-** Todas aquelas funcións que lle sexan atribuídas pola D.N. con-
 220 forme aos presentes estatutos.

221 **Artigo 22º.- Das Xuntanzas da Asemblea Comarcal.**

222 **1.-** A AC reunirse en sesión ordinaria unha vez ao ano, e en sesión ex-
 223 traordinaria cando así o acorde o CC, a DN ou a EN. A convocatoria
 224 será feita polo/a Coordinador/a Comarcal en nome do CC e farase con
 225 un mínimo de tres días de antelación.

226 **2.-** Reunirse en primeira convocatoria cando estean presentes ou re-
 227 presentados/as máis da metade dos afiliados da comarca; e en se-
 228 gunda convocatoria, media hora despois, sexa cal for o número
 229 dos/das presentes.

230 **Artigo 23º.- Do Consello Comarcal.**

231 **1.-** A constitución dun consello comarcal requirirá que se cumpran as
 232 seguintes condicións:

233 **a)** Ter o número mínimo de afiliados/as que esixa a DN para cons-

234 tituírse en comarca.
 235 **b)** Que o aprobe a maioría absoluta dos/as afiliados/as da comarca
 236 que se pretenda constituír, convocados a unha asemblea extraor-
 237 dinaria a tal efecto na que se deberá elixir aos/ás representantes
 238 que lle corresponda para a Dirección Nacional.
 239 **c)** Que o acordo sexa referendado pola DN.
 240 **2.-** O CC terá coma función representar e dirixir o sindicato a nivel co-
 241 marcal, executando os acordos emanados de órganos superiores e as
 242 decisións das asembleas comarcais no que lles corresponda. Corres-
 243 póndenlle, en concreto, as seguintes funcións:
 244 **a)** Levar adiante as directrices aprobadas pola DN ou a EN.
 245 **b)** Propoñer a fusión ou disolución dunha comarca nos termos do
 246 artigo 25.
 247 **c)** Administrar o patrimonio e as finanzas do sindicato na comarca.
 248 **d)** Convocar e presidir as reunións da Asemblea Comarcal de afi-
 249 liados/as.
 250 **e)** Propoñer, organizar, orientar e fiscalizar os servizos e actividade
 251 sindical e reivindicativa no ámbito comarcal.
 252 **f)** Propoñer á DN o nomeamento do/a Coordinador/a Comarcal.

253 **Artigo 24º.- Da composición do Consello Comarcal.**

254 **1.-** O CC estará formado polos/as representantes elixidos/as polas AL
 255 e os/as representantes comarcais dos sectores constituídos a este
 256 nivel. Os Membros da DN son membros natos do CC da comarca na
 257 que estean integrados/as.
 258 **2.-** O Consello Comarcal estará constituído por un número par de
 259 membros, sendo paritario en canto ao número de homes e mulleres.
 260 Os postos do CC que correspondan a cada un dos xéneros e non sexan
 261 ocupados, ficarán vacantes ate que poidan ser asignados.
 262 **3.-** O número de representantes a elixir para o CC estará en función
 263 do número de afiliados/as que cotizan de cada parroquia ou sector,
 264 nos termos establecidos pola DN ao respecto.

265 **Artigo 25º.- Das xuntanzas do Consello Comarcal.**

266 **1.-** O CC reunirse como mínimo catro veces ao ano en sesión ordina-
 267 ria, e cantas veces sexa preciso en sesión extraordinaria.
 268 **2.-** As reunións do CC, ordinarias ou extraordinarias, serán convocadas
 269 cunha antelación mínima de 48 horas. En primeira convocatoria de-
 270 berán estar presentes, alomenos, a metade máis un dos/das seus/súas
 271 membros; e en segunda convocatoria, media hora despois, sexa cal
 272 for o número dos/das presentes.
 273 **3.-** Os acordos adoptaranse por maioría dos/as presentes na reunión.

274 **Artigo 26º.-** Calquera reivindicación ou campaña que se pretenda re-
 275 alizar a nivel comarcal, ben como proposta da AC, ben como proposta
 276 do CC, deberá ser comunicada á DN.

277 **Artigo 27º.- Da elección do/a Coordinador/a Comarcal.**

278 **1.-** O Consello comarcal elixirá un Coordinador/a Comarcal que actuará
 279 como portavoz do mesmo.
 280 **2.-** O/a Coordinador/a Comarcal deberá ser ratificado pola DN.

281 **Artigo 28º.- Das funcións do/a Coordinador/a Comarcal.**

282 **1.-** Apoiar técnica e humanamente ao Consello Comarcal.
 283 **2.-** Representar ao CC.
 284 **3.-** Abrir e/ou pechar contas bancarias, así como contratar o aluguer
 285 e/ou mercar medios técnicos (mobles ou inmobles), sempre que haxa
 286 consentimento previo e/ou aprobación mediante acta dun órgano su-
 287 perior (Consello Comarcal, Dirección Nacional, Executiva Nacional ou
 288 Secretario/a Xeral).
 289 **4.-** Levar a contabilidade da comarca e presentarlle puntualmente ao
 290 Consello Comarcal nas reunións ordinarias e aos órganos nacionais
 291 nos prazos establecidos.
 292 **5.-** Facer reunións públicas, cando menos no ámbito da comarca onde
 293 se traballe, de cara a dar a coñecer a liña do Sindicato entre todos/as
 294 os/as labregos/as, co fin de estender a area do Sindicato.
 295 **6.-** Distribuír as funcións dos traballadores e das traballadoras do SLG

296 na comarca.
 297 **7.-** Cantas outras lle sexan atribuídas polo Consello Comarcal para o
 298 bo funcionamento do SLG na comarca.

299 **CAPÍTULO 2º**

300 **Dos órganos Transversais e Sectoriais**

301 **Sección 1ª.- Da Secretaría das Mulleres.**

302 **Artigo 29º.-** O Sindicato Labrego Galego ten constituída a Secretaría
 303 das Mulleres como un órgano que atende todos os temas relacionados
 304 coa problemática das mulleres labregas e que as organiza para mellor
 305 defender os intereses sociais, económicos e profesionais das labregas
 306 galegas.

307 A Responsábel da Secretaría das Mulleres, formará parte de pleno de-
 308 reito da Dirección Nacional do SLG.

309 **Artigo 30º.- Funcións da Secretaría das Mulleres.**

310 **1.-** Escoller á Responsábel da Secretaría das Mulleres que formará
 311 parte de pleno dereito da Dirección Nacional do SLG. Tamén escollerá
 312 á persoa que ostente a condición de vicesponsable no mesmo ór-
 313 gano da persoa indicada, e que formará parte de pleno dereito da DN.
 314 **2.-** Deseñar o traballo do SLG en relación coa problemática específica
 315 das mulleres labregas.
 316 **3.-** Promover todas as iniciativas e reivindicacións necesarias en de-
 317 fensa dos dereitos das mulleres labregas.

318 **Sección 2ª.- Da Secretaría da Mocidade.**

319 **Artigo 31º.-** O SLG poderá crear a Secretaría da Mocidade, como unha
 320 organización que atenda todos os temas relacionados coa problemá-
 321 tica da mocidade labrega, que organice aos mozos labregos e mozas
 322 labregas para mellor defender os intereses sociais, económicos, pro-
 323 fesionais e culturais da mocidade labrega.
 324 Considerarase validamente constituída a Secretaría da Mocidade se
 325 cumpre os seguintes requisitos:

326 **1.-** Ter celebrado a súa asemblea constituínte.
 327 **2.-** Ter elixido os seus cargos de representación nos organismos na-
 328 cionais do SLG.
 329 **3.-** Ter aprobado o seu propio regulamento de funcionamento.
 330 **4.-** Manter o funcionamento regular dos seus organismos. **5.-** Acep-
 331 tar os estatutos do SLG.
 332 **6.-** Que a constitución sexa ratificada pola DN.
 333 Poden formar parte deste órgano aquelas persoas afiliadas con
 334 idade inferior a 40 anos. Entre as funcións da Secretaría da Moci-
 335 dade estará a de escoller ao/á Responsábel da Secretaría da Moci-
 336 dade, que formará parte de pleno dereito da Dirección Nacional
 337 do SLG.

338 **Artigo 32º.-** Cando se cree, serán funcións da Secretaría da Mocidade.

339 **1.-** Escoller ó/á Responsábel da Secretaría da Mocidade que for-
 340 mará parte de pleno dereito da Dirección Nacional do SLG. Tamén
 341 escollerá á persoa que ostente a condición de vicesponsable no
 342 mesmo órgano da persoa indicada, e que formará parte de pleno
 343 dereito da DN.
 344 **2.-** Deseñar o traballo do SLG en relación coa problemática especí-
 345 fica das mozas e mozos labregos.
 346 **3.-** Promover todas as iniciativas e reivindicacións necesarias en de-
 347 fensa dos dereitos da mocidade labrega.

348 **Sección 3ª.- Dos órganos sectoriais.**

349 **Artigo 33º.-** O Sindicato poderá estruturarse a nivel sectorial, sempre
 350 que así o esixa o interese dos/das afiliados/as. Poderán constituírse
 351 SECTORES DE PRODUCTORES/AS do mesmo sector ou que dependan
 352 dun mesmo sistema de produción. O Sindicato é a organización base
 353 nas comarcas. O SECTOR é a organización nacional que agrupa aos afi-

354 liados/as que teñen a mesma actividade produtiva ou sistema de pro-
355 ducción, en función da afinidade e operatividade sindical.

356 **Artigo 34º.-** Consideraranse validamente constituídas os Sectores que
357 cumpran os seguintes requisitos:

- 358 1.- Ter celebrado a súa asemblea constituínte.
- 359 2.- Ter elixido os seus cargos de representación nos organismos na-
360 cionais e territoriais do SLG.
- 361 3.- Manter un funcionamento regular dos seus organismos. 4.- Que
362 a constitución sexa ratificada pola DN.

363 **Artigo 35º.-** Os Sectores terán, como mínimo a seguinte estrutura:

- 364 1.- Asemblea de Sector, na que poderán participar todos/as os/as
365 afiliados/as, ben directamente, ben a través de delegados/as elec-
366 tos/as nas Asembleas Comarcais de sector.
- 367 2.- Dirección de Sector, que será elixida de acordo aos criterios de
368 representación acordados pola D.N. por número de afiliados/as nas
369 distintas zonas ou comarcas. A Dirección de sector será paritaria
370 en canto ao número de homes e mulleres que a compoñen. Os pos-
371 tos da Dirección de sector que correspondan a cada xénero e non
372 sexan ocupados, ficarán vacantes ate que poidan ser asignados.
- 373 3.- Responsábel de Sector que será membro de pleno dereito na
374 DN do SLG. O/a Responsábel de Sector representará ao SECTOR en
375 todas as iniciativas relacionadas co sector.
- 376 4.- Vicerresponsábel de Sector que será membro de pleno dereito
377 da DN. O/a Vicerresponsábel de Sector substituirá ao/á Responsá-
378 bel de sector nas súas funcións cando este/a non poida cumprir
379 por distintas circunstancias, co seu mandato.
- 380 5.- A Executiva Nacional do SLG porá a disposición da Dirección de
381 Sector un/ha Coordinador/a que prestará apoio técnico e de coor-
382 dinación, e poderá asistir ás reunións do sector e da DN, con voz
383 pero sen voto.

384 **Artigo 36º.-** Na actualidade o SLG ten constituídos os seguintes secto-
385 res:

- 386 -SECTOR DE produtores/as de leite.
- 387 -SECTOR DE produtores/as de carne de vacún.
- 388 -SECTOR DE vitivinicultores/as.
- 389 -SECTOR DE produtores/as de horta, froita e flor.
- 390 -SECTOR DE produtores/as de pataca.
- 391 -SECTOR DE Agroecoloxía.

392 **Artigo 37º.-** Os Sectores constituídos a nivel nacional terán capaci-
393 dade, seguindo as directrices da DN do SLG, para:

- 394 1.- Planificar e executar a negociación de contratos homologados.
- 395 2.- Realizar campañas sobre temas relacionados coa situación do
396 sector, así como encontros e xornadas técnicas.

397 **CAPÍTULO 3º**

398 **Dos órganos nacionais**

399 **Artigo 38º.-**

400 a) Son órganos de representación e goberno do SLG a Nivel Nacional:

- 401 1.- O Congreso.
- 402 2.- A Dirección Nacional.
- 403 3.- A Executiva Nacional.
- 404 4.- A Secretaría Xeral.

405 b) Son órganos de seguimento, análise e traballo, do SLG a Nivel Na-
406 cional:

- 407 1.- O Encontro Anual.

408 **Sección 1ª.- Do Congreso.**

409 **Artigo 39º.-** O Congreso do SLG é órgano de decisión máximo e sobe-
410 rano do SLG. Os seus acordos son inapelábeis.

411 **Artigo 40º.-** O Congreso será convocado con carácter ordinario cada

412 4 anos pola DN. A convocatoria farase con catro meses de antelación
413 como mínimo á data de celebración do Pleno e o funcionamento do
414 mesmo axustarase ao regulamento que aproba, xunto coa convoca-
415 toria, a DN.

416 **Artigo 41º.-** Son competencias do Congreso:

- 417 1.- Aprobar e modificar os estatutos e a base programática.
- 418 2.- Definir a política sindical do SLG.
- 419 3.- Elixir 15 membros da DN.
- 420 4.- Analizar a xestión dos órganos nacionais
- 421 5.- Coñecer das cuestións que legal ou estatutariamente se lle atri-
422 búan.
- 423 6.- Adopción de acordos por maioría simple, agás aqueles casos en
424 que os Estatutos esixan maioría cualificada.

425 **Artigo 42º.-** A elección dos/das membros da DN que lle corresponden
426 ao Congreso será polo procedemento de listas pechadas e distribución
427 proporcional directa aos votos obtidos por cada lista. Cada lista estará
428 composta por 15 titulares e 5 suplentes, con alternancia de xénero
429 posto a posto. As vacantes que se produzan no futuro serán cubertas
430 polo/a seguinte da mesma lista.

431 **Artigo 43º.-** O Pleno do Congreso, ordinario ou extraordinario, será
432 presidido pola DN ou organismo en quen delegue. Xuntarase en pri-
433 meira convocatoria á hora que estivera prefixada, e tense por consti-
434 tuído en segunda convocatoria media hora despois, sexa cal for o
435 número de delegados/as presentes.

436 **Artigo 44º.-** O Congreso extraordinario será convocado cando:

- 437 1.- o solicite 1/3 da afiliación.
- 438 2.- o solicite a maioría da DN do SLG.

439 Non poderán utilizarse dúas vías ao mesmo tempo.

440 A convocatoria do Congreso extraordinario deberá facerse cun mes
441 de antelación como mínimo e só poderá tratar e pronunciarse sobre
442 os temas obxecto do mesmo.

443 **Sección 2ª.- A Dirección Nacional.**

444 **Artigo 45º.-** A Dirección Nacional (DN) é o máximo órgano de decisión
445 do sindicato entre Congresos.

446 1.- A DN está constituída por:

- 447 a) Quince membros elixidos/as no congreso segundo o establecido
448 no artigo 48 dos presentes estatutos.
- 449 b) Os representantes das Asembleas Comarcais constituídas se-
450 gundo o baremo de representación que a DN estableza, en función
451 do número de afiliados/as. En todo caso a representación emanada
452 de cada comarca será paritaria en canto ao número de homes e
453 mulleres. Os postos da Dirección Nacional electos nas comarcas,
454 que correspondan a cada xénero e non sexan ocupados, ficarán va-
455 cantes ate que poidan ser asignados.
- 456 c) A responsable da Secretaría da Muller e o/a responsable da Se-
457 cretaría da Mocidade.
- 458 d) O/a responsábel e o/a vicerresponsábel de cada un dos sectores
459 constituídos.

460 2.- Os/as representantes das Asembleas Comarcais serán elixidos/as
461 con anterioridade á celebración do congreso, de acordo ao calendario
462 fixado pola DN

463 3.- No caso de que o/a Representante Sectorial ou Comarcal xa fora
464 membro da DN, será substituído/a por outra persoa elixida no seu
465 Consello Comarcal ou na súa Dirección de Sector.

466 4.- No período entre congresos, no caso de producirse baixas nos/as
467 membros da DN, serán propostas, dende o órgano do que proceden
468 (comarcais, transversais, sectoriais e nacionais), as persoas que deben
469 ocupar as vacantes xurdidas.

470 **Artigo 46º.- Das xuntanzas da Dirección Nacional.**

471 1.- A DN reunirse en sesión ordinaria tres veces ao ano mediante con-

472 vocatoria feita polo/a Secretario/a Xeral, e en sesión extraordinaria
473 por convocatoria feita polo/a mesmo/a ou a proposta dun terzo
474 dos/das seus membros.
475 **2.-** Os acordos adoptaranse por maioría simple dos/as membros pre-
476 sentes, salvo nos casos en que os presentes estatutos esixan unha
477 maioría superior.

478 **Artigo 47º.- Das funcións da DN.**

479 **1.-** Aprobar as Contas Anuais do SLG.
480 **2.-** Aprobar o Orzamento anual de Ingresos e Gastos do Sindicato. **3.-**
481 Executar os acordos e directrices emanados do Congreso.
482 **4.-** Interpretar os estatutos do SLG, e o regulamento de Congreso.
483 **5.-** Dirixir a organización sindical segundo as resolucións do Congreso.
484 **6.-** Fixar a contía das cotas dos/das afiliados/as.
485 **7.-** Definir as liñas xerais de actuación sindical e de relacións con outras
486 organizacións, agrarias ou non.
487 **8.-** Decidir sobre peticións colectivas de afiliación.
488 **9.-** Nomear comisións para os asuntos que se considere necesarios.
489 **10.-** Examinar a xestión da Executiva Nacional e do/da Secretario/a
490 Xeral.
491 **11.-** Dirixir a publicación do voceiro do SLG.
492 **12.-** Nomear á Executiva Nacional e ao/á Secretario/a Xeral e aos/ás
493 distintos/as secretarios/as que se nomeen.
494 **13.-** Definir os criterios laborais e retributivos do persoal ao servizo do
495 SLG. A estes efectos, poderá elaborar un estatuto do persoal ao que
496 se fai referencia nos artigos 73 e 74 dos presentes estatutos.
497 **14.-** Aprobar as propostas feitas polos CC para Coordinadores/as Co-
498 marcais.
499 **15.-** En xeral cantas cuestións sexan necesarias para o cumprimento
500 dos fins do sindicato.
501 **16.-** Aprobar a xestión económica e liquidación de contas.
502 **17.-** Analizar a xestión dos órganos nacionais.
503 **18.-** Aprobación e sanción do Regulamento de Réxime Interno do SLG.

504 **Sección 3ª.- A Executiva Nacional.**

505 **Artigo 48º.-** A Executiva Nacional (EN) será elixida pola DN de entre
506 os/as seus membros e estará constituída por un número por un má-
507 ximo de 14 persoas, sendo paritaria en canto ao número de homes e
508 mulleres que a compoñen. A DN poderá incluír na EN, con voz e sen
509 voto, ás persoas que considere necesarias para o seu traballo, dentro
510 do cadro de persoal de libre disposición do SLG. Ten as seguintes fun-
511 cións:

512 **1.-** Representación e xestión ordinaria do SLG entre xuntanzas da
513 DN.
514 **2.-** Dirixir as relacións Exteriores e interiores, de acordo coas direc-
515 trices da DN.
516 **3.-** Impulsar a organización do SLG a todos os niveis.
517 **4.-** Elaborar programas de formación, dirixir a actividade formativa,
518 técnica e de asesoramento.
519 **5.-** Coordinación de todos os órganos da Organización Sindical para
520 garantir o seu funcionamento harmónico.
521 **6.-** Presentar á DN as propostas que considere de interese.
522 **7.-** Decidir sobre as cuestións urxentes que se presenten entre dúas
523 reunións da DN.
524 **8.-** Atender aqueles temas relacionados cos medios de comunica-
525 ción, propaganda e axitación.
526 **9.-** Facer un seguimento da contratación homologada.
527 **10.-** Facer un seguimento das relacións coas institucións e levar a
528 cabo as tarefas que se deriven deso e nomear aos/ás representan-
529 tes nas institucións.
530 **11.-** Elixir aos/as membros das comisións de apoio ás distintas Se-
531 cretarías.
532 **12.-** A Executiva Nacional exercerá solidariamente a representación
533 xurídica, económica e legal do SLG, delegando no/a Secretario/a
534 Xeral estas facultades aos efectos de outorgamento de poderes.
535 **13.-** Acordar transferencias entre os organismos do SLG.

536 **14.-** Xestionar as finanzas nacionais, inspeccionar a contabilidade,
537 así como a mecánica de cobros e pagos e presentar á DN o balance
538 anual, a conta de resultados e a proposta de orzamentos.
539 **15.-** Realizar estudos periódicos da situación económica e finan-
540 ceira do SLG, controlando a execución do orzamento anual do sin-
541 dicato. En función desa marcha realizar propostas de redistribución
542 orzamentaria para a súa aprobación pola DN ou a EN segundo co-
543 rresponda.
544 **16.-** Elaborar o "Fouce" e todo o material de difusión do SLG.
545 **17.-** Tódolos asuntos organizativos e de relacións con outras orga-
546 nizacións.
547 **18.-** Establecer os criterios para a contratación do persoal ao servizo
548 do SLG, realizar a selección de persoal e aprobar as súas retribu-
549 cións.
550 **19.-** Resolver todas as cuestións relativas aos recursos humanos do
551 SLG, buscando a formación permanente e a integración dos mes-
552 mos na vida sindical.
553 **20.-** Facer seguimento do labor do persoal ao servizo do SLG.
554 **21.-** Autorizar a sinatura de avais e créditos ante institucións públi-
555 cas ou entidades privadas, e operacións financeiras semellantes
556 para o SLG.
557 **22.-** As que lle sexan delegadas pola DN.
558 **23.-** Todas as demais funcións que non estean expresamente ou-
559 torgadas á DN.

560 **Artigo 48º bis.- Dos Grupos de Traballo.**

561 **1.-** A Executiva Nacional poderá crear Grupos de Traballo por áreas
562 que a apoiem nas tarefas a desempeñar.
563 **2.-** A EN poderá encomendarlle os cometidos que considere neces-
564 rio.
565 **3.-** Poderán formar parte dos Grupos de Traballo as persoas membro
566 dos distintos órganos do SLG (Dirección Nacional, Consellos Comarcais,
567 Direccións Sectoriais, Secretaría das Mulleres e Secretaría da Moci-
568 dade), que decida a E.N. En todo caso, deberán formar parte do grupo,
569 como mínimo, unha persoa da Executiva Nacional e unha persoa nas
570 funcións de coordinación e dinamización.

571 **Artigo 49º.-** A EN reunirse en sesión ordinaria tres veces por trimes-
572 tre, por convocatoria do/a Secretario/a Xeral ou cando o soliciten a
573 terceira parte das persoas que a conforman, e con carácter extraordi-
574 nario cando se considere oportuno, por eses mesmos mecanismos.

575 **Sección 4ª.- A Secretaría Xeral.**

576 **Artigo 50º.-** O/a Secretario/a Xeral é o/a representante publico do SLG.
577 É elixido/a e revocado/a pola DN de entre os/as seus/súas membros
578 por maioría absoluta dos/as presentes, respondendo ante esta das
579 súas actividades. O/a Secretario/a Xeral é membro de pleno dereito
580 da DN e da EN.

581 **Artigo 51º.-** O/a Secretario/a Xeral ten as seguintes funcións:

582 **1.-** Ostentar a representación permanente do SLG.
583 **2.-** Portavoz nacional do Sindicato.
584 **3.-** Asinar contratos e convenios en nome do SLG.
585 **4.-** Asinar en nome do SLG créditos e préstamos para a organización
586 con entidades financeiras, e os avais esixidos pola Administración
587 Pública ou entidades privadas para programas de formación e ou-
588 tros.
589 **5.-** Outorgar poderes de representación xurídica, organizativa, ins-
590 titucional, económica e legal segundo os criterios da EN.

591 **Sección 5ª.- O Encontro Anual.**

592 **Artigo 52º.-**

593 **a)** O Encontro Anual é un espazo de encontro e posta en común dos
594 distintos órganos nacionais e comarcais, tanto transversais como sec-
595 toriais, do SLG.

596 **b)** Convocarase anualmente de xeito ordinario, no período entre con-
597 gresos. Cando así o decida a D.N.

598 **c)** Dos/as participantes

599 Poderán participar neste encontro anual con voz e con voto as persoas
600 membro dos seguintes órganos:

601 -Dirección nacional

602 -Consellos Comarcais

603 -Executiva nacional

604 -Direccións sectoriais

605 -Secretaría das Mulleres

606 -Secretaría da Mocidade

607 -Coordinadores/as comarcais e sectoriais

608 Así mesmo poderán asistir calquera persoa afiliada que o solicite e que
609 teña as cotizacións ó día. Podendo convidar a calquera persoa que se
610 considere relevante para a consecución dos obxectivos do Encontro.

611 **Artigo 53º.-** Son obxectivos do Encontro Anual:

612 1.- Seguimento das liñas de acción sindical

613 2.- Análise da xestión dos órganos nacionais, sectoriais e territoriais

614 3.- Trasladar propostas de actuación á Dirección Nacional.

615 **CAPÍTULO 4º**

616 **Do réxime de incompatibilidades**

617 **Artigo 54º.- Incompatibilidades dos/as cargos do SLG.**

618 1.- O desempeño de determinados cargos ou responsabilidades no
619 SLG implica, ademais do definido especificamente para cada un deles,
620 a aceptación en particular das incompatibilidades que a continuación
621 se regulan:

622 2.- Os cargos de Secretario/a Xeral, titulares das Secretarías que se
623 creen, Coordinador/a Comarcal, membro da Executiva Nacional e Per-
624 soal de Libre disposición terán as seguintes incompatibilidades:

625 **a)** Ostentar cargo de representación pública ou institucional de par-
626 tidos políticos.

627 **b)** Cargo de libre designación en calquera administración pública.

628 **c)** Participar en calquera nivel e clase de xerarquía das distintas con-
629 fesiões relixiosas.

630 **d)** Exercer calquera cargo ou responsabilidade de representación
631 ao servizo de empresas ou asociacións empresariais.

632 **e)** Estar vinculado/a a unha empresa mediante contratos especiais
633 de alta dirección ou modalidades asimiladas.

634 **f)** Figurar en listas electorais dos partidos políticos ou candidaturas
635 independentes.

636 **TÍTULO IV**

637 **RÉXIME ECONÓMICO**

638 **Artigo 55º.-** Os recursos económicos do SLG poderán estar constituí-
639 dos por:

640 1.- As cotas dos/as afiliados/as.

641 2.- Os donativos e legados en favor do Sindicato.

642 3.- As vendas de bens e valores.

643 4.- Os ingresos por vendas de publicacións.

644 5.- O patrimonio acumulado ao longo da súa xestión.

645 6.- Os ingresos por prestación de servizos.

646 7.- Os créditos que sexan concedidos ao SLG.

647 8.- As subvencións que lle sexan concedidas ao sindicato.

648 9.- Calquera outro tipo de bens ou medios obtidos de acordo co
649 establecido nos presentes estatutos.

650 **Artigo 56º.- Das cotas de afiliación.**

651 1.- As cotas dos afiliados e afiliadas serán por casa e mensuais. A súa
652 contía será fixada pola DN, que poderá revisala anualmente, antes de
653 que remate o ano inmediatamente anterior á súa entrada en vigor.

654 2.- As cotas serán cobradas ao traveso das comarcas constituídas. A
655 DN fixará, si se dera o caso, a porcentaxe desas cotas que as Comarcas
656 deberán destinar á caixa nacional.

657 **Artigo 57º.-** Os donativos e legados só poderán ser aceptados a bene-
658 ficio de inventario.

659 **Artigo 58º.-** Os recursos financeiros do SLG serán administrados polos
660 órganos que estatutariamente corresponda, a través das caixas co-
661 marcais e nacional, que serán as únicas para a totalidade dos organis-
662 mos do SLG.

663 **Artigo 59º.-** A Executiva Nacional xestionará as finanzas da Organiza-
664 ción e respecto a estas:

665 1.- Exercerá o control nacional e comarcal das finanzas.

666 2.- Distribuírá e controlará os recursos e achegas que se destinan
667 as comarcas e sectores.

668 3.- Preparar o proxecto anual de orzamentos e facer o balance fi-
669 nanceiro ao final do exercicio para a súa aprobación pola DN.

670 4.- Administrará e planificará o patrimonio e a economía do SLG.

671 5.- Elaborará un regulamento interno para o control e xestión das
672 finanzas que someterá á aprobación da DN.

673 **Artigo 60º.-** A EN elaborará os criterios e fixará as datas nas que Co-
674 marcas terán que ter remitido os informes de finanzas.

675 **Artigo 61º.-** A DN aprobará un regulamento de finanzas no que deter-
676 minen as normas para a mellor administración dos fondos do SLG.

677 **Artigo 62º.-** A DN determinará os criterios que considere oportunos
678 para a subministración de información con respecto a situación das
679 contas do SLG ás Comarcas e afiliados/as que o soliciten.

680 **Artigo 63º.-** Calquera afiliado/a poderá ter coñecemento das contas
681 anuais do SLG, previa solicitude por escrito e canalizado polo orga-
682 nismo de dirección mais inmediato ao que pertenza.

683 **Artigo 64º.-** A data de peche contábel será o 31 de decembro de cada
684 exercicio. O Balance e a Conta de Resultados serán aprobadas pola Di-
685 rección Nacional dentro do primeiro semestre do ano seguinte ao que
686 se refiran ditas contas. O orzamento de cada exercicio será aprobado
687 pola Dirección Nacional no primeiro semestre do exercicio a que se
688 refira dito orzamento.

689 **TÍTULO V**

690 **SÍMBOLOS E VOCEIRO**

691 **Artigo 65º.-** O idioma oficial do SLG é o galego.

692 **Artigo 66º.-** O SLG adopta como seu o Himno Galego e a bandeira na-
693 cional galega.

694 **Artigo 67º.-** O emblema do SLG consiste en dúas fouciñas verdes en-
695 trelazadas en vertical, co nome "SINDICATO LABREGO GALEGO – CO-
696 MISIÓN LABREGAS" á dereita en cor negra.

697 **Artigo 68º.-** O voceiro do SLG é o "FOUCE", cuxa periodicidade e ca-
698 racterísticas serán fixadas pola DN.

699 **TÍTULO VI**

700 **PERSOAL AO SERVIZO DO SLG**

701 **Artigo 69º.- Persoal non remunerado.**

702 1.- **CARGOS SINDICAIS:** Son aqueles/as membros de calquera órgano
703 sindical en calquera dos niveis de representación para o que foran de-
704 signados. Nese caso, a relación da persoa co SLG considérase asocia-
705 tiva, polo tanto non de carácter laboral.

706 2.- **COLABORADORES/AS:** Son aqueles/as que colaboran co SLG oca-
707 sionalmente, dun xeito desinteresado e solidario, sexa cal for a activi-
708 dade que se preste. De acordo ao establecido nestes estatutos, serán
709 invitados/as a participar nas estruturas do CAL, reguladas nestes es-

710 tatutos. Tampouco nestes supostos existe relación laboral algunha.

711 **Artigo 70º.- Persoal remunerado.**

712 **3.- PERSOAL DE LIBRE DISPOSICIÓN:** Son aquelas persoas dedicadas
713 a tarefas sindicais do SLG. Neste nivel ten especial relevancia a con-
714 fianza e recíproca lealdade á liña sindical do SLG. A súa perda ou in-
715 existencia orixinará o cesamento de funcións, extinguíndose a relación
716 sen que proceda indemnización algunha que non sexa a estritamente
717 laboral. Dada a especial relación dos/das liberados/as co SLG e as fun-
718 cións a desenvolver, non poderán figurar en listas electorais.

719 **4.- PERSOAL TÉCNICO E/OU ADMINISTRATIVO:** Son aqueles/as que
720 traballan permanentemente ao servizo do SLG en tarefas como as de
721 administrativo/a, técnico ou auxiliares, sen que leve concretamente
722 aparelhada algunha responsabilidade sindical. Esta relación é laboral
723 a todos os efectos.

724 TÍTULO VII 725 REPRESENTACIÓN E APODERAMENTO

726 **Artigo 71º.-** A Executiva Nacional, como organismo de representación
727 do SLG terá as seguintes competencias de representación en nome da
728 organización, cuxa representación persoal corresponderá ao/a Secre-
729 tario/a Xeral, como norma podendo apoderarse a outras persoas pre-
730 vio acordo do citado órgano:

731 **1.-** Tomar parte en concursos e poxas, facendo propostas e acep-
732 tando adxudicacións. Aceptar, aprobar ou impugnar herdanzas; en-
733 tregar ou recibir legados; aceptar, liquidar ou extinguir
734 fideicomisos; pagar, cobrar, fixar, garantir e depositar lexítimas ou
735 renunciar ás súas garantías legais; facer ou aceptar donativos; di-
736 vidir bens comúns; outorgar contratos de traspaso de locais; retirar
737 e remitir xéneros, remesas e xiros; retirar e levar correspondencia
738 de calquera caste.

739 **2.-** Operar con caixas de aforros, bancos ou calquera entidade fi-
740 nanceira, facendo todo canto a lexislación e practica bancaria per-
741 miten. Seguir, abrir e cancelar contas correntes, contas de aforro
742 ou contas de crédito. Librar, aceptar, avalar, endosar, cobrar, intervir
743 e negociar letras de cambio e outros efectivos.

744 **3.-** Mercar, vender, trocar ou peñar valores e cobrar os seus in-
745 tereses, dividendos e amortizacións; concertar pólizas de crédito
746 con entidades bancarias e as súas sucursais, asinando os oportunos
747 documentos; modificar, transferir, cancelar, retirar e constituír de-
748 pósitos de efectivos ou valores, provisionais ou definitivos.

749 **4.-** Afianzar operacións mercantís, singularmente os créditos que
750 calquera entidade financeira, caixa de aforros ou banco, conceda
751 ao SLG.

752 **5.-** Instar actas notariais de todo tipo; promover e seguir expedien-
753 tes de dominio de liberación de cargas; solicitar asentamentos en
754 rexistros da propiedade e mercantís; facer, aceptar e contestar no-
755 tificacións e requirimentos notariais.

756 **6.-** Comparecer ante centros e organismos estatais, nacionais, pro-
757 vinciais, comarcais ou locais; xuíces, tribunais, fiscalías, sindicatos,
758 delegacións, comités, xuntas, xurados e comisións; e neles instar,
759 seguir e rematar como actor ou demandado ou calquera outro con-
760 cepto toda clase de expedientes, xuízos e procedementos civís, pe-
761 nais, administrativos, contencioso - administrativos, goberna-
762 mentais ou laborais de tódolos grados, xurisdicións ou instancias,
763 elevando peticións ou exercendo accións legais en calquera proce-
764 demento, tramite e recurso, incluso de casación; e prestar, cando
765 se requira, a ratificación persoal.

766 **7.-** Administrar nos mais amplos termos bens mobles e inmo-
767 bles, facer declaracións de edificación e plantación ou deslindes, amo-
768 lloamentos, agrupacións ou segregacións. Recoñecer débedas e
769 aceptar créditos; facer efectivos libramentos; dar ou aceptar bens
770 como xeito de pago; outorgar taxacións, compromisos, renunci-
771 as.

772 **8.-** Avalar e afianzar, comprar, vender, retraer, permutar pura ou
773 condicionalmente, con prezo confesado, aprazado ou pagado ao
774 contado, toda clase de bens inmo-
775 bles, dereitos reais e persoais.

774 **9.-** Constituír, aceptar, dividir, allear, gravar, redimir e extinguir usu-
775 frutos, servidumes, censos, arrendamentos inscribíbeis e demais
776 dereitos reais, exercitando tódalas facultades derivadas dos mes-
777 mos, entre elas, cobrar pensións e laudos, asinar por dominio, au-
778 torizar traspasos e cobrar a participación legal dos mesmos,
779 constituír, aceptar, modificar, adquirir, allear, pospoñer e cancelar,
780 total ou parcialmente, antes ou despois do seu vencemento, cum-
781 prirase ou non a obriga asegurada, hipotecas, prendas, prohibi-
782 cións, condicións de toda caste de limitacións ou garantías.
783 Contratar activa ou pasivamente rendas, pensións ou prestacións
784 periódicas, temporais ou vitalicias e a súa seguranza real.

785 **10.-** Comparecer ante os organismos da administración de Traballo,
786 delegacións de Traballo, SMAC, Dirección Xeral de Traballo, Xulga-
787 dos do Social, Tribunal Supremo, Tribunal Superior de Galiza, e
788 neles instar, seguir e rematar como actor ou como demandado, ou
789 en calquera outro concepto, toda caste de expedientes, xuízos e
790 procedementos, elevando peticións, exercendo accións e excep-
791 cións, tramites e recursos, incluso o de casación.

792 **11.-** Comparecer ante calquera organismo público dependente do
793 Goberno do Estado ou da Xunta de Galiza.

794 **12.-** Participar en calquera procedemento ou tramite relacionado
795 co exercicio do dereito de manifestación ou de reunión.

796 **Artigo 72º.-** O/A representante público de calquera comarca será o/a
797 coordinador/a comarcal e, no seu nivel de representación contará co
798 poder necesario para as funcións que contemplan os presentes esta-
799 tutos no ámbito territorial, entre as que corresponde abrir contas ban-
800 carias a nome do SLG (especificando na titularidade a comarca que a
801 utiliza) e dar poder de representación a calquera membro do consello
802 comarcal ao que pertenza.

803 **Artigo 73º.-** Toda/o membro con representación ou poder a calquera
804 nivel, será provisto dunha copia legalizada dos presentes estatutos,
805 que servirá como documento a tal fin e a todos os efectos.

806 TÍTULO VIII 807 DAS MODIFICACIÓNS ORGÁNICAS

808 **Artigo 74º.-** No caso de disolución, a mesma so poderá acordarse nun
809 Congreso convocado ao efecto, por maioría de 2/3 das persoas que
810 exerzan o voto entre as asistentes.
811 A fusión ou a integración nunha nova organización sindical só poderá
812 acordarse en congreso ordinario por maioría de 2/3 das persoas que
813 exerzan o voto entre as asistentes.

814 DISPOSICIÓNS FINAIS

815 **Única:** A interpretación dos presentes estatutos entre Congreso e Con-
816 greso corresponderá, exclusivamente, á Dirección Nacional do SINDI-
817 CATO LABREGO GALEGO – COMISIÓNS LABREGAS.



**sindicato
labrego galego
comisións labregas**



Outono 2021



sindicato
labrego galego
comisións labregas

X CONGRESO DO SLG

12 de decembro de 2021

Vilalba (Lugo)

Lugar: Restuarante Montero.
Estrada N-634 - La Casilla - Goiriz, 12.
Vilalba (Lugo)

PROGRAMA

10:30 Recepción e acreditacións.

11:00 Benvida. Formación da mesa para o X Congreso e explicación do regulamento.

11:20 "Lembrando os últimos catro anos de actividade política e sindical"

11:30 Informe Sindical. Relatorio político-sindical: Introducción, Leite, Carne, Viño, e Sectores Vexetais.

12:30 - 12:45 Alternativas: Mocidade, Secretaría das Mulleres, Agroecoloxía e Secretaría das Persoas Xubiladas.

13:15 Presentación das posibles emendas, defensa das posibles emendas, defensa da postura da Dirección Nacional e votación.

13:30 Relatorio organizativo.

13:45 Presentación da DN da lista d@s 15 e presentación da Dirección Nacional por comarcas.

14:20 Xantar e xuntanza da nova DN.

16:00 Anuncio da EN e Secretaría Xeral

16:15 Alianzas do SLG

17:00 Resolucións

17:15 Discurso de peche da secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego e clausura.

**Para anotarte como delegado/a
informate na túa comarca**